

AÑOS

Nº 8 - Especial
Agosto 2003

Xacobeo



ASOCIACIÓN CULTURAL GASTRONÓMICA

Pineiróns



AS SUPERSTICIÓNNS (II)

DENDE O ANTIGO EXIPTO... ATA COMPOSTELA



Por: Laureano Mayán Taboada

- Facíate en Santiago... ¿Non dixeches que marchabas a gañar o xubileo?
- Si. E vou a ir, pero máis adiante.
- ¿E logo?
- Pasoume un detalle e... xa irei ... xa irei ...

Xa dixemos no noso anterior capítulo, que a relixión negou sempre a existencia das supersticións e sen embargo, España país por tradición e feitos de fonda fe relixiosa, continúa sendo un dos países con máis fama de supersticioso.

E a nosa terra, Galicia, non podía quedar ó marxe. Nas nosas xentes hai unha relixiosidade supersticiosa de profundas raíces: ataúdes nunha procesión ...camiñar vestido cunha mortalla e unha vela do seu tamaño ...a pé e descalzo na procesión... percorridos axeonllados... botar pedras ó tellado dunha capela...

Escribe D. Hipólito de Saa Bravo que hai un fondo de fe indiscutible, ensombrecido con prácticas supersticiosas, cualificadas máis como acto de culto superfluo. Estas non causan dano e non se opoñen a ningunha lei. Outras, como desviacións de culto indebido e estas se consideran e teñen como ofensivas á pureza da fe.

Hai feitos naturais, probados científicamente e causas que teñen unha explicación natural, demostrando a falsidáda da verdade ou o feito real na que se apoia. Nós atopamos ante a práctica dunhas supersticións entremesturadas co rito litúrxico, e elo, por suposto, non deixa de ser unha contraposición de crenzas de fe...

Moi estendida pola nosa terra, por exemplo, a superstición das sinais da proximidade da morte

dunha persoa. Considéranse como tales: Os ouveos dos cans, os graznidos das aves nocturnas (especialmente do moucho) cando se escotan nas inmediacións da casa onde hai algúns enfermos. Ó oír as sinais, prendíanse velas e rezase pola alma da persoa.

Esas sinais teñen a súa explicación no finísimo olfacto dos cans e aves carnívoras que cheiran a distancia os síntomas de descomposición que, antes de falecer, expulsan os enfermos con determinados males.

Nalgúnha ocasión oímos algún comentario sobre elo, pero máis preto a nós, por razón de veciñanza, non se nos escapa que en Marín, os mariñeiros tiñan o costume, agora non o sei, de rezar un rosario, unha vez que o barco enfiaba cara a Tambo, para rematalo na Illa do Santo... Cando se pasaba preto dunha illa, onde houbera un Santo, os mariñeiros rezaban o saudaban.


En Combarro colocábase un corno de carneiro e unha cabeza de allo na proa do barco, mentres se construía...

É indiscutible que o home atopou "para ben ou para mal", "para fortuna ou desgracia", unha significación, un xustificante á súa inquietude, ou insecuridade, ou tranquilidade, ou benestar... nos animais, árbores, plantas, obxectos, situacións, causas, accións, circunstancias...

De todo elo "obtén" unha resposta e "sabe" a que aterse.

O lume para os noivos "Non que nos ve o fume". Saltar sen tocar a chama era esperanza de casarse no ano. O fume das fogueiras para curar enfermidades...





Pasar pola fendedura que os carballos antigos teñen, ou polo oco dos carballos que naceron e están separados os seus troncos, pero os seus ramaños dan unha soa sombra, curan malas posturas e dores de osos.

Tense por bo: a sombra dos carballos, eucaliptos, maceiras e pereiras. Por malo: a sombra do castiñeiro, nogueira, ciprés,...

É bo o loureiro para conxurar maleficios e resguardar as casas dos perigos de tormentas.

Traen boa sorte, áinda que non é reconfortante: pisar excremento; tocar a chepa dun xiboso; ver un cempés...unha araña colgada, baixando do seu fio...

...É, todo elo un tema que foi e será obxecto de estudio por relevantes psicólogos e autores. Non fai moito o psicólogo norteamericano Frederic Skinner demostrou, co seu estudio,



que se atopan comportamentos supersticiosos en pombas. O psicólogo B. R. Forest fixo un test de personalidade a alumnos da súa facultade e demostrou que a xente, en maioría aplastante, da como certo o que vaticinan os horóscopos.

TRAEN MALA SORTE:

- **Abrir o paraguas baixo teito:** Esta crenza data do século XVIII. En Inglaterra, creíase que había negatividade entre o paraguas e a casa. Esta protexe ós seus moradores e non tolera ningunha protección adicional. Se alguéun o abría sobre a súa cabeza, supostamente esa persoa moría antes de finalizar o ano.

- **Cadro torcido ou que caia de onde está colgado:** Ten a súa orixe na Grecia clásica. Críase que si un retrato dun monarca ou unha celebridade caía ó chan, sufrindo serios danos, significaba que ía a morrer en pouco tempo.

- **Pasar baixo unha escaleira:** Antigamente se pensaba que tódolos triángulos eran un Símbolo sacro. Tanto as pirámides como a Tríloxía da Santísima Trinidad. Por tanto se consideraba un sacrilegio pasar . baixo, ese: triángulo. Créese que unha vez que se pasara, o mal conxurábase cruzando os dedos; cuspindo unha vez baixo a escaleira ou tres veces despois de cruzala.

- **Colocar o pan boca abaixo ou deixalo caer ó chan:** Supонse que traerá mala sorte por tratarse, en realidade, dunha ofensa ó Corpo de Cristo. O mal elimínase se ó recoller o pan do chan bícase rapidamente.

- **Ver unha rata:** A este animal sempre se lle atribuíron malos augurios. Sen embargo, esta idea só ten que ver coa coincidencia da aparición de pragas destes roedores con desastres históricos, como a peste bubónica.

- **O mal de ollo:** Tradicionalmente creuse que ó reflectirnos na pupila dun ollo, podíamos quedar atrapados nela. Por isto, dende a antiga Roma ata a Idade Media, aquelas persoas que tiñan cataratas ou outro defecto visual, a menudo eran sacrificadas na fogeira.

- **Poñer a cama cos pés cara a porta:** Ven do dito popular "os mortos saen sempre da casa cos pés para adiante".

TRAEN BOA SORTE:

- **Os osos de polo:** Fai 2.400 anos, o pobo etrusco cría que tanto os galos coma as galiñas tiñan un verdadeiro poder divino e que os seus osos eran capaces de cumplir os desexos que se lles pediran. Os primeiros porque anunciaban a chegada do día. Os segundos porque anunciaban a chegada dos ovos cos seus cacarecos.

- **Cruzar os dedos:** Antes da era cristián, existía o costume de que dúas persoas enlazaran os



seus dedos índices formando unha cruz para expresar un desexo. Unha apoiaba á outra mentalmente para que este se cumprira.

- **Dicir "Jesús" ou "salud" ó estornudar:** Débese a que o estornudo era o principio de moi diversas enfermidades e por iso pedíase a Deus que apartase o perigo de calquera infección. Dise, tamén, que era para evitar que entrara o demo no corpo a través da boca.

- **Taparse a boca para bostezar:** Provén do costume de facer a sinal da cruz sobre a boca aberta para evitar que se metera o demo, debido ó dito popular "Por porta aberta o diablo cólase". Tamén se pensaba que nunha destas exhalacións podíase escapar a alma.

- **Cuspir para evitar males:** Plinio deixou escrito na súa Historia Natural: "É sorprendente, aunque facilmente comprobable que si alguien ha sido golpeado y se escupe enseguida en la palma de la


mano del agresor, el dolor de la víctima se alivia al momento".

Algúns incrementan a forza dos seus golpes cuspindo nas súas mans antes de realizar calquera esforzo. Dise tamén que con esa forza podíase golpear mellor o demo.

- **Ver unha rata:** Anque o citamos no grupo de "traen mala sorte" hai quen lle atribúe facultades máxicas, como a de previr naufraxios ou abandonar un barco antes de partir este.

Acerca da superstición, cada cal pode ter a súa opinión, a maioría solapada, pero sexa cal fose estou seguro que nada impedirá que perduren porque o home as creou e o home "as necesita" ...

- ¿Pero ti aínda crees que...?
- ¡Non home... pero eu...!



EPÍLOGO Á HERÁLDICA DO CAMIÑO (III)


Por: Isidro de Malet Andreu

Ó longo deste traballo percorremos os camiños do antigo Reino de Galicia, albergámanos nos seus enérxicos burgos, démonos conta do poderío da nobreza que exercían nos seus señoríos, pero tamén nos sentimos amparados polos Cabaleiros da Orden de San Juan.

Sen embargo non quixera rematar este percorrido sen facer mención a dous preciosos enclaves situados nos dominios da Casa de Lemos e que tiveron dous destinos completamente distintos.

San Miguel de Eiré, pertence a un antigo cenobio fundado polo século XII, por doazón de D^a Esclada Ordóñez. Este cenobio benedictino feminino fundouse sobre unha construcción anterior. Foi dotado polo Rei Alfonso VII. Ó longo do tempo perde a súa importancia, perde a súa independencia a principios do S. XVI. Incluso é suprimida a súa función parroquial. Desta tristeza e abandono saen os sepulcros do atrio ¿Quen serían os dous cabaleiros, cujas espadas están labradas nas tapas dos túmulos? ¿Quen sería o cabaleiro que no lado esquierdo da espada ten un escudo cuartelado en aspa e que soamente é distingüible un cuartel cun castelo?.

O único consolo que lles queda ás súas doentes



almas é que esta igrexa foi declarada monumento nacional a metade do século pasado.

A escasos tres quilómetros e nas proximidades de Ferreira de Pantón álzase o único mosteiro habitado dende a súa fundación, por unha comunidade que se rexe baixo os criterios da Estricta Observancia da Orde de San Bernardo.


Sinalemos que os comezos do Císter foi complexo, os santos Alberto, Alberich e Esteban de Handig institúen nas terras de Borgoña o mosteiro de Citeaux, do que nacerían Claraval e Marimond baseados na estricta fidelidade á Regra de San Benito e na tradición dos padres do deserto.


Bernardo de Fontaines, creou unha nova mística cisterciense que incluso se traduce nunha pobreza estrema que se reflicte na arquitectura e ornamentación monástica.

A súa reforma cala tan fondo no sentimento da época que cando falece, Claraval contaba con 69 fundacións e uns 350 mosteiro.

Sería prolixo entrar na lexislación e organización da Orde do Císter, baste dicir, soamente, que todas as Comunidades tiñan o mesmo nivel de igualdade e a administración das Abadías era autóctona; cada Abadía elixía ó seu Abade, pero esta autonomía era controlada polas visitas canónicas e polo Capítulo General, ambas con carácter anual.

A primeira noticia escrita sobre unha doazón ó "arcisterio Ferraria, sive as honorem et lavdem Sancti Salvatoris, in quorum nomine fundatum est" é a de Ximena "prolix Santiz" nas VII Kalendas de






febreiro, da era MCXL VI (1108) de todo canto ten en terra de Lemos, Sarria e Asma, doazón que fai convxuntamente cos seus irmáns. En 1129 Sancho Núñez, a súa muller a infanta Sancha Enríquez e o seu irmán Mendo, venden ó Mosteiro e á Abadesa Da Mariña varias herdades.

En 1175 a Condesa Fromila Fernández que exercía o padroado sobre o Cenobio fai escritura con carta de fundación e restauración da vida monástica dando todas as súas herdades ó Mosteiro a aquelas relixiosas que querían preservar na Santa relixión conforme á disciplina do monacato cisterciense, baixo a custodia do Abade Vidal de Meyra e dos seus sucesores. Posteriormente ingresa e profesa no Mosteiro, ó que o Rei Fernando II e o seu fillo Alfonso, en 1180 dan o que tiñan no coto de Ferreira coas igrexas de Sta. María de Basillao, San Vicente de Deade, San Martiño de Simós e San Cibrán de Vilamelle. Dona Fromila falece no mosteiro e é soterrada nun sinxelo sarcófago, no muro da ala norte do Claustro e sen ningún tipo de inscrición.

En 1196, D^a Guiomar, filla de D^a Fromila ratifica todas as disposicións da súa nai sobre o Mosteiro de Ferreira confirmando ademais á Orde do Císter como propietaria do

Mosteiro pero dependendo espiritualmente dos Abades de Meyra. En 1598 pasa a depender da Congregación de Castela, á que estaban vinculados todos os mosteiros do Císter do N.O. de España, ata que esta Congregación desaparece en 1835.

O patio do Mosteiro accédese a través dun arco no que campea as armas da Congregación de Castela, rematado por unha cruz patriarcal e na parte posterior un desgastado escudo coas armas de Castela e León. Este arco está sostido por dous piares, o da esquerda de sillería rematado por un Salvado e o da dereita de pedra de mampostería rematado por unha torre.



Sobre o pequeno xardín está a fachada principal o mosteiro cunha inscrición que di: "Esta fachada se hizo año de 1728". Sobre a porta un balcón e un pináculo coas armas de España.

Por este mesmo xardín accédese á Igrexa, construción correspondente ó s. XII, con grande cantidade de elementos decorativos en capiteis e canecillos que non concordan co espírito que predicaba San Bernardo que se caracterizaba pola súa pobreza e sobriedade que está máis acorde co espírito relixiosos dos benedictinos.

No interior do templo atopámonos con dous enterramentos, o da epístola corresponde a D. Alonso López de Lemos, Conde de Altamira e o do lado do evanxéllo a D. Diego, ambos de factura





PASEANDO POLO CAMIÑO PORTUGUÉS VILABOA

Por: Pepy Clavijo

No n.º 6, especial de agosto 2002, o meu artigo versou sobre as rúas pontevedresas no Camiño Portugués. Hoxe quixera comentar algo sobre Vilaboa (o Xardín do Morrazo) por atoparse no Camiño que vai dende Lisboa a Santiago e por ser o lugar onde exerzo a miña profesión docente dende hai moitos anos.



O seu nome significa "Villa buena"; é un nome que se repite con moita frecuencia en toda a xeografía galega, pero esta, á que me refiro, ten apelido: Vilaboa do Morrazo.

É un lugar privilexiado pola súa situación, entre Pontevedra e Vigo, que soubo manter o seu aspecto rural, conservando o seu entorno con lugares sen

par, tales como o Miradoiro de Cotorredondo, que foi construído polo consorcio forestal para controlar os incendios que puidese haber na Península do Morrazo e hoxe cumple con outro fin como é o de ofrecer ós visitantes unha grande panorámica dende os miradoiros das súas tres plantas. Nos días claros pódense observar as rías de Arousa, Pontevedra e Vigo.

O lago de Castiñeiras (550 m. sobre o nivel do mar) constitúe un magnífico parque natural, amplísimo, que serve de recreo e espallamento tanto a marinenses como a pontevedreses, e que nos días calorosos de verán poden gozar da natureza sen afastarse moitos quilómetros das súas cidades.

Nesta zona atópanse numerosas mámoas e restos megalíticos, máis dun centenar de piornos repartidos por todo o Concello. Algúns con más dun século de antigüidade e de gran tamaño, como o da horta parroquial que consta de tres filas de doce pés, o que fai un total de 36.



A historia de Vilaboa está ligada a

dous feitos importantes: a batalla de Rande e as salinas de Ulloó. A primeira tivo lugar os días 23 e 24 de outubro de 1702. Unha escuadra anglo-holandesa con 10.000 homes mandados polo almirante Roock ancoraron na ría, ergueron baterías e desembarcaron á metade dos homes. Os navíos franco-españoles mandados por Chaterenau e Velasco non puideron competir cos corsarios e víronse na obriga de renderse, non sen antes tirar ó mar tódalas riquezas que traían de América. O almirante Velázquez mandou tamén queimar os transportes pero os ingleses apoderáronse de 13 galeóns e ainda perderon 800 homes, as perdas humanas pola parte española case a triplicou.

En canto ás salinas do Ulloó, das que aínda existen restos, ían paralelas á costa entre os barrios de Paredes e de Acuña, lindando ó oeste co de O Toural, situadas no fondo da ría de Vigo e incluídas dentro da Enseada de San Simón.

Tiveron a súa maior actividade no s. XVIII, cando foron explotadas polos Jesuitas, cuxo colexió se atopaba en Pontevedra.

Ó ser expulsados, en 1783, pasaron a mans de distintos propietarios ata que os temporais de 1927 destruíron parte das instalacións, influíndo tamén



-Igrexa de Santa Cristina.
-Piorno da Casa Rectoral.

no seu deterioro a polémica habida entre os relixiosos e os veciños do lugar que reivindicaban a propiedade.

Posúe Vilaboa cinco igrexas parroquiais, todas de estilo románico. A de San Martiño, que é o patrón, atópase en O Toural, moi preto do Concello, construída en 1387; a súa festividade é o 11 de novembro, San Martiño, aquel santo que dividiu a súa capa para amparar a un mendigo.

A de San Adrián de Cobres é do s. XV, a de Santa Columba de Bértola do XVI, a de San Andrés de Figueirido tamén deste mesmo século, a máis moderna é a de Santa Cristina de Cobres (s. XVIII).

Preto do concello atópase un peto de ánimas que ten a orixinalidade de mostrar ademais das do purgatorio, as do inferno.

É un retablo de pedra, que debiu estar policromado, dividido en dúas partes. Na parte superior está o Purgatorio con cinco almas, tres das cales son relixiosos, bispos ou curas, o segundo pola esquerda mostra tonsura da súa cabeza.

Na parte inferior, o inferno, ten seis figuras. A que leva coroa, parece o demo e hai outra con cornos e monstruos.

Coroa o conxunto un cruceiro que mostra na parte dianteira unha imaxe da Virxe.

É un peto distinto ós demais, xa que contén elementos pouco frecuentes noutros da provincia.

LENDADA "PEDRADOS C A R A L L E T E S "
(navallas)

Procede de Vilaboa

Esta inscrición aparece en "a pedra dos caralletes" que se atopa no peirao do lugar de Acuña.

Cóntase que había unha moza, Aniña do Con,

moi guapa que non quería saber nada de matrimonio. Todo o pobo preguntáballe:

- ¿Cando te casas Ana?

Ela respondía sempre que cando a pedra baixara á praia. Referíase a unha gran rocha granítica que estaba preto de Postemirón (outro lugar da parroquia).


Un día houbo un enorme ruido e a pedra descendeu monte abaixo, ata colocarse onde hoxe se atopa. Todo o pobo pensou na voda pero esta non tivo lugar. A pedra aí continúa e din, os máis vellos do lugar, que se se move, debaixo dela pode haber ouro ou veneno. Se hai ouro. Vilaboa será rica, pero si hai

veleno o pobo desaparecerá. Ante a dúbida a pedra non se toca.

Hai outra lenda relacionada coa casa e granxa da Torre, onde se atopa a capela do "Buen Jesús", coñecida antigamente como do "Dulce nombre de Jesús". A imaxe representa a un Cristo xacente dentro dunha urna de cristal, cunha antigüidade de máis de 600 anos.

Conta a tradición que este Cristo era moi milagroso. Intentaran roubalo en numerosas ocasións. Fai uns 300 anos conseguírono, sacárono da capela e foi transportado a ombros cara a Marín, ó chegar a Cotorredondo, a imaxe pesaba demasiado e tiveron que abandonala na metade do camiño. Milagrosamente a imaxe volveu ó seu primitivo emprazamento, o que fixo que se incrementara a devoción. Celébrase a festa no mes de outubro cunha

multitudinaria peregrinación procedente de Moaña, Domaio e outros próximos lugares, que repiten exclamacións como: "¡Ai, Santíño, que te quixeron roubar!".



-Igrexa de San Martiño (Emprazamento O Toural)
-A Comunidade de Montes contribuiu a facer máis belo o atrio, dotándoo en 1998 dunha magnifica iluminación.

Existen outras moitas lendas como a do cura que ía a dicir misa a unha igrexa pequena (chámanlle a casa do cura). Sempre facía o percorrido a cabalo. Había unha pedra enorme no camiño e o cabalo, ó chegar á pedra sempre se paraba. O cura acirrou ó cabalo e este tirouno ó chan, sen que o golpe fose demasiado forte. O cura tómao da brida e o cabalo pasa. Isto repítese continuamente (dicíase que a pedra estaba encantada); reúnense os veciños das dez casas que había no entorno e deciden poñer unha cruz. Dende entón pasa o gando sen ningún problema (pasaba tamén coas vacas).

Este é o cruceiro que hai en Acuña, preto da pedra, no lugar do con, aínda que tamén se di que foi obra "dos mouros".

Vilaboa tamén é famosa polos seus carnavais, sobre todo o "da Cardiña" aínda que se festexa en todas as parroquias. Os mozos e mozas engalánanse con vestidos e sombreiros moi vistosos. A festa celébrase durante varios días (domingo, luns e martes de entroido), percorrendo os empinados camiños, formando en cada lugar un coro onde cantan e bailan acompañados de gaitas e pandeiretas.

Hai varios grupos diferenciados de participantes as "madamas y galáns" ou "as de branco", ó tempo aparece outro personaxe "O Predicador" e soe finalizar con "A Corrida do Galo" que será do mozo que máis pelexe polo trofeo, se é capaz de librarse dos chamados "vellos da corrida" que impedirán a garrotazos que non o consiga.



Entroido en Vilaboa. "MADAMAS e GALÁNS"

Para rematar un poema dedicado a Vilaboa:

Es vila mariñeira
que espertas de mañá
coas túas risas, cos teus cantos
coas túas praias e os teus portos.

Es vila que eu adoro
polos anos transcorridos
para min es un tesouro
que sempre levarei comigo.

Igual cun soño
cando te deixei
ti virás comigo
e pasará o tempo.

Recordarei a todos:
o barrio de Santa Cristina
terra de grandes cantores
o Toural e Figueirido
Bértola ou Paredes
e San Adrián de Cobres.

Esta lindeza da ría
cos seus montes e as súas illas
pola súa fama de Boa Vila
e polas antigas salinas,
en ti pensarei cada día.



ARREDORES DE SANTANA PEREGRINANDO CARA A COMPOSTELA (II) “CESTEIROS e FIADEIROS”


Por: José Manso Gómez

Xa pasaran un bo anaco de tempo andando e conversando, cando chegaron os dous veciños da Limia a Portomarín. Atrás deixaran e visitaran o mosteiro de Samos e o Castelo de Sarria.

Saíron de Sarria polo barrio de San Lázaro e despois de atravesar pequenos pobos, pasaron ó carón do piar que anuncia que só restan 100 quilómetros para chegar a Santiago.

Atravesaron a nova ponte sobre o Miño e o encoro de Belesar. A presa estaba sen auga por mor da seca dese ano e podían ollarse os restos do que foran as antigas casas de Portomarín, a súa ponte e os restos do que foron terreos de labrantío.

Sentáronse a descansar e mentres miraban a baleira lagoa, xurdiron de novo as historias do seu pobo natal. Polo seu carón pasou unha muller, xa de idade, que na súa cabeza portaba un cesto e que vestía á antiga usanza. Iso foi o motivo para que comenzaran a charlar sobre outros antigos oficios da súa Limia natal, como son o de Cesteiros e Fiadeiros.



OS CESTEIROS

Na súa sinxeleza a *corra* permite facer verdadeiras obras de arte. Hoxe en día e como é de xustiza, a cestería volta a rexurdir con forza e esplendor pero durante moitos anos foi oficio de xitanos e xente pobre que non merecía moita consideración.

Os labregos aprendían esta destreza máis por necesidade que por amor. Os cestos, canastros ou

canistrelos (oín sempre os tres nomes) son imprescindibles na casa dun labrego, e máis na Limia, para recoller as patacas.

A materia prima empregada era a *corra* do salgueiro (*Salix caprea*), tan abondosa por alí. O vimbio (*Salix alba*) ofrece un material de maior calidade pero escaso, que a xente nunca se molestou moito en cultivar.

As corras cortábanse nos finais do verán ou principios do outono, cando as varas acadan longura e están xa a deixar de medrar; despois traballábanse cando había tempo (mediodía ou noite) ou incluso se deixaban ata o inverno, coidando de que non secaran moito e mollándoas ben antes de empregalas.



Os verdadeiros especialistas eran os xitanos. Cando caían por alí esquilmaban por completo lugares como o Campo das Lamas e facían provisión de corras para todo o ano. Acampaban unha semana ou dúas (uns na corta, outros a esfollar e pelar e os outros no tecido) e cando se ían levaban vendida xa gran parte da mercadoría que trocaban por patacas (unha cesta valía as patacas que a podían encher en dúas veces).

A xente do país facía este traballo por necesidade, xa o dixen, e non pelaba as corras nin se paraba moito en floreos como os xitanos; trataba de facer, iso si, utensilios prácticos e seguros, cada quen segundo se lle daba a entender, pero sempre había quen destacaba. Era famoso o Sr. Ramón Caseiro, o das Pegas, que traballaba con calquera material,




O logo era unha temá de frecuentes conversas. Entón abundaba, porque daba simais frecuentes da sua presencia con ataques os rabaos de ovellas, os cans que aparecían devorados mentres dormiam onda desvergoña no medio dun carreiro ou que tamén era unha especie de mito que encaramba toda a maldade. No fondo o logo era admirado e incluso necesario para estimular a fantasía da xente.

Menores as mulheres tinham ou criticavam a todo aluz do candil de gás... As vezes, no meio destas motes de inveja, oia-se a lá o lompe un grito agudo e gutural chamaado *ergutto*. Era um sinal que emitiam os moços para marcar a sua posição os amigos, ainda que, algumas malas línguas, diziam que eram bertos de automóveis para espantar o medo e passar por determinados lugares que o logo frequentava.

Os que chegaban petaban à porta. Abriassele,
dabam a boa noite e preguntaban se se podia entrar,
case sempre se lles invitaba a passar. Tamen podian ir
caso que se tivesse invitatban a passar. Também podiam ir
os rapaces e os homes da familia e o ambiente era de
fraldadios no que se narraban historias e contos ou
camtabase, pero sempre dentro do clima de respeito
que soubearan importo os da casa.

Os fideicos, faciamse nas longas noites de inverno, nas cortes, onde se podia estar quietas co calor do estero. Nos pobos, como Santama, podia haber un ou dous fideicos. Faciamse normalmente naqueles casas onde habita un par de mozas e alguma outra mulleir vella. De seguida ianse arrimando outras mozas e alguns mozos do pobo, pero tamén de outros lugares e algúns mozos de fira.

A la, despois do tosquião das ovellas, habia que desviala (primeiro lavado para tirar a graxa), lava-la secala o sol, cardala e despois filala. Para falar posse unha porción de la naroca (unha vira seca, con variás gallas) e suxeitase esta coa axilla do brazo esquerdo, despois, coas duas mans libres, vaise tirando da la en pedounas gudeellas que prendidas na rella do fuso e facendo xirar constante mente co movemento dos dedos indices e polgar da man dereita, permitte retorcer todo o posíble o fino ata conseguir gran finura e resistencia. O fino o medrar recollese no ventre do fuso e quando este xa vai moi avultado, envolveuse en novelos



Fia devo ven de fia, lúgar onde se fia a la. O fia devo era necesario antigamente para a elaboración fia de ovo necesario antigamente para a elaboración das prenadas de abrigos (xerés, calcetins, luvas, faiixas, capas,...). Todas as mulheres aprendidian a calcetar xa dende novimas, pero parece que o traballo de fier era unha胎era reservada ás adultas, ás vellas.

OS FIADEIROS


empregando inclusos cortas de carballo e sanguíno, que eran moito mais resistentes.



CONVENTO DE SAN ANTONIO NA POBRA DO CARAMIÑAL

Por: Lino J. Pazos Pérez

De seguro que máis dun dos milleiros de peregrinos que partían das aldeas da bisbarra arousá coa fe firme de chegar ata Compostela co fin de prostrar ante os pés do apóstolo Santiago, coñecía o secular mosteiro da Miserela.



Monasterio de San Antonio. Pobra do Caramiñal.

Nun lugar recóndito, fóra da muralla, áínda que pegada a ela, que rodeaba (agora rodea as ruinas) o mosteiro de San Antonio (antes da Miserela) no seu novo asentamento, preto da igrexa de Xobre (Jobre) na Pobra do Caramiñal (Pobra do Deán), no arranque da rampla que conduce ó mar, atópase unha curiosa capeliña, especie de fornelo, onde se venera unha imaxe de San Antonio, de considerable antigüidade e non menos popularidade.

O mosteiro foi trasladado dende a aba do Barbanza ata a súa definitiva localización ó carón da ría arousá a comezos do século XV, segundo se desprende do documento *Annales minorum ad an. 1510* que aparece citado no libro *Crónica de la Provincia Franciscana de*


Santiago editado polo Archivo Ibero Americano, no ano 1971:

La fundación se había hecho con la sola licencia del arzobispo de Santiago, por lo que los para el, religiosos, tranquilidad de conciencia acudieron a la Santa Sede, quedando la fundación autorizada en virtud de la bula de Sixto IV, Exposuit nobis, Roma, 8. VI. 1478.

A obra, de notable envergadura, foi sufragada coa contribución que para ese fin realizou o cabaleiro Arias López de Goyáns, secundado polas esmolas das sinxelas xentes do lugar.

Sobre a súa primitiva situación Xosé Carlos Vidal Suárez publica, na revista Aunios Nº 3, a súa teoría nun artigo titulado <<O eremitorio de A Miserela: A barca de San Amaro>>:

En canto ó eremitorio sobre o que se asenta o convento de San Xoán da Miserela, é unha




Camposanto da igrexa de Jobre

pequena planicie na confluencia de dous ríos, o arroio San Xoán e o río Barbanza. Chégase ata el cruzando unha ponte á que chaman romana, ainda que probablemente sexa da época do mosteiro... (século XIV)".

A pequena urna, se se pode chamar así a unha construcción de 1 m. x 0,60 x 0,50, pechada na súa frente por unha sinxela portiña de aluminio branco, cun pasador, contén unha fermosa imaxe de San

ata unha ducia de círios acendidos e ó carón da urna un caldeiro de cinc con numerosos restos de cera, o que me fai supor que os vellos non andaban moi descamiñados en canto á devoción que polo San Antonio teñen nesa vila.

No citado mosteiro de San Antonio, entresaco da "Crónica...", sucedeu un feito que por extraordinario pasou á historia e que eu creo que ten que ver co santo que nos ocupa:



Imaxen de San Antonio. Pobra do Caramiñal.

Antonio, na que destaca a expresividade da súa cara, co neno que a penas é perceptible.

Preguntando ós vellos que atopei na porta da igrexa, comentáronme que era un santo moi solicitada polas mulleres, que tiñan nel un bo aliado para conseguir que os seus maridos foran bos.

A este Santo acoden moitas mulleres a pedirlle un bo home ou que o que teñen sexa mellor.

Na última visita que realicei a este lugar contei


Siendo maestro de novicios llegó al convento una doncella vestida en hábito de hombre y muy bien tratada que al parecer se le debía tener respeto, y hablando con el siervo de Dios le dijo como por la mucha devoción que tenía al hábito del seráfico padre de San Francisco, había prometido a Dios de servir todos los días de su vida a los frailes en alpino de sus conventos...

Pero chegou o día no que a dama creu conveniente declarar a verdade sobre a súa condición:

El novicio considerando el escándalo que podría resultar entre frailes y seglares, si acaso se venía a entender que era mujer, habló en secreto con su maestro y le dijo que era mujer doncella... y con cartas suyas, la envió a la abadesa del Convento de santa Clara, de Pontevedra.... y se llamó María de San Antonio...

leváronse a cabo algunos enterramientos de nobres e, cando este foi abandonado pola congregación que o atendía, foron trasladados ás Torres de Xunqueiras, segundo relata *López Ferreiro en Galicia en el último tercio del siglo XV*, BRAG. Tomo II, pág. 128.

...Ares Pardo y su mujer Doña Teresa, fueron sepultados en el convento de San Antonio y que al ser demolido dicho convento, los marqueses de



Torres Xunqueira. Pobra do Caramiñal.

Sor María de San Antonio faleceu nese convento pontevedrés o 30 de outubro de 1616.

¿Tería algunha relación a entrega da serva de Deus á vida monástica coa intercesión de San Antonio acerca da bondade dos homes das súas devotas?

Na época de maior esplendor do mosteiro

Camarasa trasladaron las cenizas de aquellos y de otros de sus descendientes a la Torre de Junqueras (Xunqueiras)...

As torres de Xunqueiras, restauradas con extremo bo gusto, continúan vixientes na comarca do Caramiñal como recordo imperecedoiro de glorias pasadas.

Bibliografía consultada:

Aunios N.º 3. O eremitorio de A Miserela: A barca de San Amaro. José Carlos Vidal Suárez. Asoc. Pineiróns. 2001.
 Crónica de la Provincia Franciscana de Santiago 1214 - 1614. Anónimo. Manuel de Castro. Archivo Ibero Americano. Madrid. 1971.
 Galicia en el último tercio del siglo XV. BRAG. Tomo II. Antonio López Ferreiro.



O CAMIÑO XACOBEO MARÍTIMO DAS ILLAS CASSITÉRIDES “A RUTA DAS ILLAS MAIORES (III)”

Por: Celestino Pardella de Blas

Candorca deixara atrás a Illa de Sálvora e puxo rumbo cara o canal principal de entrada da ría de Arousa que ten como referenciais, o faro de Sálvora e a Illa do Pombeiro, situada no extremo sudoeste de O Grove.

Coñecía ben ese mar onde comezara, como rapaz de a bordo, na dorna xeiteira do seu pai e tiña medo que as numerosas bateas e baixos existentes lle xogaran unha mala pasada á hora da súa navegación a vela.

O Candorca sabía que esta era a última singradura antes de comezar a remonta-lo río Ulla cara a Pontecesures, foi por iso que, no seu caderno de bitácora, anotou, coa axuda da carta mariña da ría, as illas que ía visitar e por onde debería navegar.

Acordou parar en varias, áinda que non foran das que, coa axuda do seu amigo o Xurelo, catalogaran coma maiores. Todas as illas desta ría traíanlle moitos recordos dos seus comezos mariñeiros.

nun galeón dedicado ó transporte de tella e tiñan que parar con asiduidade nela para recoller auga e madeira, polo que, áinda que facía moito tempo diso, non lle pareceu interesante para esta peregrinación illán.

Decidiu fazer unha pequena parada, de novo, na Illa de Rúa, onde estivera co fareiro de Sálvora; logo visitaría a Illa de Arousa, bordearía as Malveiras e pararía en Cortegada, antes de comeza-lo remonte do río Ulla.

CARA Á ILLADARÚA

Despois dunha tranquila navegación, chegou ó peirao da illa da Rúa onde atopei amarrada unha pequena dorna polbeira. O mariñeiro que a patroneaba estaba descansado, viña de facer un lance ós polbos e estaba á espera. Entabooamos unha interesante conversa e este non dubidou en acompañarme ata o faro; traíalle moitos recordos, xa. que, hai anos, fora o encargado do seu mantemento. Ó chegar comezou a contarme:

FARO DA ILLA DE RÚA


Acendeuse por primeira vez o 18 de marzo de 1869. Foi construído polo enxeñeiro Rafael da Cerdá e era exactamente igual ó da Illa de Ons: tiñan os dous a mesma forma, unha distribución igual por dentro, a torre era similar,... Era un mesmo deseño áinda que para illas distintas. Tivo poucos cambios no súa forma ó longo dos anos, polo contrario o de Ons cambiou case totalmente en diferentes reformas.

A primeira lámpada, que era de émbolo e estaba alimentada por aceite, substituíuse en 1879 por unha de mecha única. Cambiaron tamén a lanterna e puxeron unha octogonal de 1'80 m. que quitaran do faro da fila de Sálvora.

Unha orde de 11 de xuño de 1920 dispuxo que a apariencia definitiva pásese a ser de 2 + 1 destelos brancos, conservando o sector vermello de 90° para sinalar tamén os baixos de Touzas e Lobeira Chica.

Tivo varias reformas para ter máis alcance, a última a fixo a Autoridade Portuario de Villagarcía en 1993 na que se electrifica par medio de enerxía fotovoltaica e instálase unha óptica acrílica de 305 mm con lámpada haloxena de 50W/12V.

Neste faro pasei eu longas tempadas, contábame



Faro da Illa da Rúa

Decidiu desbota-la illa de A Toxa, considerouna un pouco complicada á hora de acceder a ela navegando; turística de máis segundo o que lle contara o Xurelo e, ademais, antes de marchar á altura, estivera traballando

o mariñeiro, e vivín varios naufraxios nas súas proximidades nos que tiven que axudar correndo moito perigo.

NAUFRAXIOS

Xa me contaba o meu avó que nesta ría se viviron moitos naufraxios, sobre todo na zona preto da illa de Sálvora. Un dos primeiros fora o bergantín goleta «Nemesia», que tiña matrícula de Barcelona. Fora un 9 de febreiro de 1879 e cando se dirixia ó porto de Pobra do Caramiñal, por mor dunha forte borrasca, foi bater contra a casta de Punta Couso, no lugar coñecido como "Sete Leguas".

O primeiro naufraxio no que botou unha man, produciuse nos anos 40 na Punta Falcoiro. O veleiro «Anxelo» que navegaba en lastre, petou nela e afundiuse.

Contaba que, con este veleiro perdérase unha importante tradición de veleiros mercantes con base en Noia e que se remontaba á Idade Media.

Un dos barcos nos que tamén o meu avó tivo que participar nas laborías de rescate fora o «Anselmo» que afundiuse ó carón desta Illa.

O NAUFRAXIO DO ANSELMO

Sucedeu un 10 de novembro de 1910. Tiña matrícula de Xixón e foi embarrancar nun baixo preto desta Illa.

O barco saíra do porto de Vigo na madrugada do día 9 coas súas bodegas repletas de carga e dirixíase ó porto de Vilagarcía. O capitán que o guiaba navegara en numerosas ocasións por esta ría, polo que debería coñecela ben.

Pero a espesa néboa existente ese día, fixo que ás 8 da noite do día 9, o «Anselmo» fora a chocar contra as baixos coñecidos como "Pedra Seca" e que forman con outros a restinga coñecida co nome de "As Rabientas".

Ó chocar abriuselle un gran buraco que formou unha perigosa vía de auga que en pouco tempo inundou a bodega. O barco perdeuse. Da carga que levaba, que ascendían a 500 toneladas, só se puideron salvar 100.

O barco deuse por perdido e as armadores decidiron proceder a súa venda, no lugar do naufraxio, en pública poxa.

CAMIÑO DA ILLA DE AROUSA


Xa pasara un bo anaco de tempo e o mariñeiro decidiu ir a levanta-las nasas. Acompañeino ata o peirao e despedino.

Desamarrei a Cassitéride e puxen rumbo a Punta Caballo, na Illa de Arousa, xa que a miña idea era atracar no seu peirao e percorrela logo a pé. Pero nada máis comeza-la navegación, decidín achegarme ós illotes dos "Jidoiros", bordealos polo sur para logo achegarme ó Parque Natural do Carreirón vogando.



O mariñeiro que coñecera en Rúa, recomendoume a visita a esta paraxe e animoume a visitar o muíño das Aceñas, un dos tres muíños de mareas que existen nesta ría: O da Seca en Cambados, o do Cura en San Miguel de Catoira no río Ulla e o das Aceñas na Illa de Arousa.

Cheguei á Enseada da Brava, situada entre a Punta do Quilme e a Punta de Revello. Alí atopei un



Vista da Illa de Arousa

espacio paradisíaco para fondear e coñecer este espacio natural. Despois dun paseo por todo este fermoso parque, achegueime ata o lugar onde está emprazado o muíño. A familia á que pertence, non tivo inconveniente en abrirmo, ensinarme o seu interior e explicarme todo o seu funcionamento.

O MUÍÑO DAS ACEÑAS

Parece ser que o dato máis antigo sobre as Aceñas data de 1681, no documento coñecido como "Foro de los Anovados de la Ysla de Aroza" onde aparecen os topónimos "Camiño as Aceñas", "Mar das Aceñas" e "Lagoa das Aceñas".

Outra referencia está no diccionario de Miñano (1826-1829) no que dix: "En esta isla hay varios establecimientos de pesca y salazón de sardina, molinos harineros a favor de la marea, y uno de viento muy útil para las pueblos del Grove y de la parte oriental de la ría".

O muíño ten dúas plantas. A planta baixa está dividida en dúas partes e nelas atópanse: o muro da presa, as comportas, os aliviadoiros, as comportas das canles para a entrada da auga, as canles, os cubos e os rodicios.

A primeira planta cun piso mesturado de madeira e pedra, ten: comportas, dous muíños coa súa caixa, as pedras do muíño e un forno.

Noutros tempos debeu ter un faio que serviría como vivenda ós muíñeiro.


O seu funcionamento é o seguinte: A presa énchese de auga que entra polas portas do muro. Cando a marea está baixa, ábrense as portas para que a auga da presa vaia cara as rodas motrices. A auga entra polas canaletas e chega ós puzos e pon en movemento os rodicios. No rodicio introduzese o eixo que empata na parte superior co veo. Todo este sistema pousa nunha viga de madeira de xeito horizontal onde atopamos unha das pezas dos piñons sobre as que xira o rodicio.

O veo atravesa a pedra fixa, o chamado pé, e vai dar á capa na que se introduce a segorella. O gran está na quenlla, que é unha caixa de madeira. Para que o gran caia pasenriñamente existe a tarabela, é unha madeira enganchada na quenlla e que pousa sobre a capa, ó xirar esta, transmite unha vibración á quenlla e o gran cae a modo.

O tempero é un sistema que se emprega para que a fariña vaia máis grosa ou máis fina. A fariña cae na caixa de madeira que rodea as pedras e que

recibe o nome de tremiñado. Parece ser que nos anos 80 aínda estaba en funcionamento, sendo o único muíño de marea que traballou ata eses anos. Nos últimos anos, parece ser, que só moíase para os propietarios pois a xente da Illa e das poboacións próximas non acudían a el.

O seu estado de conservación é malo, aínda que os elementos mecánicos do único muíño que estaba en funcionamentos dos dous que tiña, atópanse en bo estado.



Muíño das Aceñas

RUMBO ÁILLA DE CORTEGADA

Despois de pasar un par de días paseando pola Illa, que cambiara moito dende a miña xuventude, decidín saír vogando cara o centro da ría á búsquea dunha boa zona que facilitara a navegación a vela rumbo ás illas Malveiras.

Gracias a unha suave brisa do nordés e cunha navegación en bolina, axiña cheguei ás Malveiras. Son dúas pequenas illas coñecidas como Malveira Grande ou Illa de San Bartolomeu e Malveira Chica ou Illa dos Ratos.

Rodeei a Grande pola súa banda leste en dirección a Carril co fin, despois de facer unha pequena parada, de achegarme con facilidade ó derruído peirao da Illa de Cortegada.

Recordo dos meus comezos de mariñeiro, á Malveira Grande completamente limpa debido a que a ela acudían os veciños de carril na procura de toxo. Hoxe os toxos a penas deixan ver o cruceiro que se ergue nela.

MALVEIRA GRANDE

É a máis alta das dúas e ten unha forma case triangular. Ó igual que pasaba noutras illas que atopei ó longo do meu percorrido, cando os mariñeiros ían cara a Carril nas súas embarcacións, ó pasar por diante desta Illa, facían o sinal da cruz.

Non se sabe con certeza o por que deste rito, uns pensan que o motivo é o atoparse alí o primeiro dos 17 cruceiros que, a xeito de Via Crucis, marcan o comezo do remonte do río Ulla cara a Santiago. Outros sen embargo aseguran, que é por mor dunha antiga ermida que alí existiu polo século XVI dedicada a San Bartolomeu.

Tamén falan da existencia dun Sepulcro Antropomorfo escavado na rocha, igual que o de Ons, e que estaba situado no alto da Illa, mesmo ó carón da ermida.

Segundo parece, tamén existiu nesta Illa un Lazareto a onde levaban ós enfermos de peste.



O Rei Alfonso XIII na súa visita á Illa de Cortegada.

Non me acheguei a ela para visitala e buscar os restos da ermida e o sepulcro, a altura e frondosidade do toxal que a invade fixo que desistira de tal aventura.

Puxen proa ó peirao de Cortegada e vogando de paseniño, admirei a beleza de Vilagarcía, <a Perla de Arousa>, os numerosos parques de cultivo e o encantador pobo de Carril.

Case sen darme conta, atopábamme no ruinoso peirao de Cortegada. Arrimei a Cassitérilde e dispúxeme a baixar para percorrela.

Sabía que había un gardián e esperaba atopalo para charlar con el e pedirlle permiso para pasear por ela. Nada máis pisar a praia e cando me dirixía cara a ermida, vin ó lonxe coma, o que me pareceu un can, viña na mina procura. En nada comprobéi que non era un can senón un xabaril que ía acompañado das súas crías. Como non sabía a súas intencións e como me pareceu que traía un pequeno ton agresivo, corrín cara a Cassitérilde co fin de refuxiarne dun posible ataque.

Esperei un rato a bordo ata que o xabaril e as crías estiveran o suficientemente lonxe para que non constituirá un perigo para a miña integridade física.

Percorrín a Illa na procura do vixiante pero non o atopei. A visita foi moi interesante tanto no aspecto antropolóxico como, en especial, ecológico.

ILLA DE CORTEGADA

Xa no século I, segundo escritos do xeógrafo romano Plinio, aparece nomeada este Illa co nome de Corticata.

Estivo habitada ata 1907, ano no que foi mercada por subxcripción popular para o Rei Alfonso XIII e que nela construíra unha residencia de verán e con elo relanzar economicamente toda a zona. Chegaron a facer os planos do pazo, pero a obra non se chegou a facer.

O rei nunca a habitou, aínda que si chegou a coñecela aproveitando unhas manobras que se celebraron en Lugo e na que estivo acompañado polos seus fillos D. Fernando e D. Carlos.

Con motivo dessa visita o rei entregou 250 ptas. para o seu reparto cos más pobres da vila, das cales 200 ptas. fóreronle entregadas ós antigos colonos da Illa.

Sufriu ó longo das séculos varias invasións (Normandos, Sarracenos,...) xa que é paso obrigado, marítimo - Fluvial, cara a Compostela.

A Illa foi considerada como o Xardín Botánico da Comunidade Galega alberga o máis extenso bosque da loureiros de Europa (*Laurus nobilis*), un fráxil ecosistema que perdurou ata os nosos días pola despoboación e as especiais características climáticas da zona.

Outras especies arbóreas que existen son el *Pinus pinaster*, *Eucaliptus globulus*, *Salix atrocinerea*, *Pinus pinea*, *Platanus híbrida* e *Populus nigra*. tamén atopan hábitat láridos e limícolas como el *Numenius phaeopus*, *Actitis hypoleucus* e outras especies mariñas propias da ría de Arousa.

O sotobosque da Illa é pobre por mor da baixa penetración da luz solar e polo efecto esterilizador dos aceites de loureiro, pero, áinda así, é unha illa moi interesante en variedade de macromicetos, dos que conta con 45 especies, entre eles: *Callistosporium xanthophyllum*, *Clavulinopsis laeticolor*, *Clitopilus intermedius*, *Ramariopsis kunzei deformis*, *Stigmatotremna poriaeforme*,...

Tamén se atoparon fósiles de enorme interese, do tipo coral, nos materiais graníticos da zona, dos que escribiron: "Caliza fosilífera: Atopada en 1980 na costa da pequena illa de



Fósiles atopados na
Illa de Cortegada



Bibliografía emplegada para este artigo:

- As cruces de Pedra en Galiza. Alfonso Rodríguez Castelao. Ed. Akal
- Guía das ermida illeiras nas Rías Baixas. Lino J. Pazos Pérez. Deputación Pontevedra
- La Isla de Cortegada en su Historia. Lino J. Pazos Pérez. Ed. Autor
- Os Cruceiros. Cadernos Museo Pobo Galego.
- Cruces e Cruceiros Xuvilares de Galicia. Estanislao Fernández de la Cigoña. Ed. AGCE
- Revista AUNIOS. N° 4 e 6. Celestino Pardellas de Blas. Camiño das illas Cassiterides.


Cortegada (Carril - Vilagarcía de Arousa). Unha excepcionalidade dentro dun macizo granítico. Cremos que se trata dalgún tipo de corais. Podemos apreciar neles unha zona circular cuxa estructura aseméllase á de certos corais".

Na Illa aínda podemos admirar as ruínas do pobo que ata 1907 dedicábase á agricultura e á pesca. Posúe unha ermida, tamén en moi mal estado. Aseguran que polo século XIV existiu un hospital co nome de "Hospital de Carril".

Na parte norte atopamos o segundo cruceiro do Vía Crucis do Ulla, áinda que tamén hai outro fronte a actual capela, este representa, xunto cos outros dezaseis espallados ó longo do primeiro cuarto do río, a santificación do camiño marítimo-fluvial cara a Santiago.

Sobre eles dicía Castelao: "O Via-crucis foi unha devoción galeguísima que multiplicou os cruceiros na época mellor do seu espallamento". Neles os fieis rezan por si mesmos e polas ánimas en pena.

O Candorca achegouse ata o peirao de Carril co fin de estudiar a mellor forma de remonta-lo río Ulla e así rematar esta peculiar peregrinación marítimo - fluvial a Santiago de Compostela.



Vista do peirao da Illa de Cortegada



XACOBE DOS CAMIÑOS

Por: Pablo Pérez Fernández

SANTOS DE CORPO PRESENTE

Tense dito por aí que "Galicia - o país onde a terra acaba e o mar comeza - é un país que sempre sorprende gratamente". Abofé que, por moito que se pescude nas súas entrañas más íntimas, sempre haberá que deixar un lugar, un espacio, un oco para o asombro e o abraio...


Tamén se ten dito iso de que "os malos van ó inferno; os bons, ó ceo; e os santos... a Galicia". Sexa o que sexa, o certo é que en Galicia hainos a mancheas e pódense contar por milleiros, esparexidos por toda a xeografía galega. Todos eles reposan, dun xeito ou doutro, nesta bendita terra, na que o sol se agocha cada día. A uns atopámolos en cativas e humildes ermidas nos montes e nos outeiros. A outros, en igrexas rurais ou das vilas. A outros, en tranquilos e sosegados mosteiros. E a outros, en fastosas e suntuosas catedrais.

Pero, entre todos eles, hai un que aquí na nosa Galicia brilla cunha luz especial, singular e sobranceira. O seu recendente resplandor inunda e asolaga o mundo enteiro. E pódese dicir que nel conflúen tódolos camiños da terra e do ceo. Estou a falar do noso Patrón, "O Señor Santiago", Xacobe para os amigos.

O FILLO DO TRONO

Aconteceu no século primeiro, alá polo ano trinta e poucos. Xesús de Nazaret andaba a predicar polas ribeiras do lago de Galilea. Un día de primavera, polo amencer, atopouse con Xacobe e con Xoán. Eran irmáns, fillos de Zebedeo, un pescador acomodado. Alcumounos fillos do trono e convidounos a que o seguisen. "Eles, deixando as barcas e ó seu pai cos xornaleiros, marcharon con Xesús". Deste xeito tan sinxelo e tan natural entraron a formar parte do grupo dos DOCE apóstolos, amigos escollidos por Xesús.

Estes dous irmáns, xuntamente con Simón, alcumado despois Pedro, formaron o "trío dos predilectos de Xesús", que serían testemuñas da súa transfiguración no cumio dun monte de Galilea e da súa agonía no horto das Oliveiras en Xetsemaní, preto de Xerusalén...



Conta a tradición que, cando os apóstolos de Xesús se esparexéron polo mundo adiante, Xacobe saíu seguindo a rota do sol, camiño das terras do Extremo Occidente. Hai testemuñas que salientan a posibilidade de que fora o primeiro en espallar por España as ensinanzas do evanxeo de Xesús de Nazaret. Mesmo aseguran que entrou na Península Ibérica pola beiramar catalana e que chegou ata Valencia.

Foi nas terras valencianas onde fixo os primeiros discípulos e onde nomeou bispo a Uxío. Logo de predicar en Peníscola, foi a Zaragoza. Alí, á beira do río Ebro, cando se atopaba canso, triste, desazado e abatido, recibiu a sorprendente e inesperada visita da Nai de Xesús, a Virxe María.

Dinos a tradición que, animado, alentado e afoutado por tan pracenteira e gratificante visita, Xacobe proseguíu as súas tarefas apostólicas por terras ibéricas ata chegar a Galicia. Diferentes tradicións seguen os pasos da súa predicación por Padrón, Muxía e Fisterra. Preto deste lugar, mesmo hai un penedo con tres cadeiras e fálase de que nelas se sentaban, ó solpor, Pedro e Xoán que viñan a parolar con Xacobe.

Segundo parece, Xacobe abandonou España alá polo 42 e volveu a Xerusalén. Ia acompañado por unha parella de discípulos galegos que, na data do seu bautismo, adoptaron uns nomes profundamente expresivos e manifestos, chamándose Teodoro (agasallo de Deus) e Atanasio (o inmortal).


Alí en Xerusalén, uns meses despois, cando remataba o ano 42 ou cando estaba a comezar o 43, Xacobe foi decapitado. Descabezárono coa espada por orde de Herodes Agripa que desta maneira tentaba compracer ós xudeus de Xerusalén. De contado, o seu corpo foi guindado fóra da cidade para que servira como alimento para os cans e para as outras feras.

UNHA VIAXE AL UCINANTE

Segundo contan as "Crónicas", aqueles dous discípulos galegos - Teodoro e Atanasio - saíron

caladiñamente da cidade durante a noite. Recolleron o corpo de Xacobe e trasladárono agochado ata o peirao de Xoppe. Dende alí, a bordo dunha embarcación, emprenderon de novo a viaxe cara Occidente. A orixe, o móbil, a razón e o motivo desta viaxe hai que basealos nun feito preciso, nunha crenza xeral, nun convencemento indubidable. Afirmanolo San Xerome: "Cada apóstolo, ó morrer, debería ser soterrado nalgúnha das terras nas que tivera predicado o Evanxeo de Xesús".

Destemidos, atravesaron as "Columnas de Hércules" (construídas por ese popular heroe da mitoloxía clásica, estaban unidas por unha cadea impedindo en Xibraltar a saída do Mediterráneo para que ninguén caera na catarata da fin do mundo). E, despois de sete longos e traballoso días de navegación polo "mar tenebroso", arribaron ó porto da Iria Flavia, na desembocadura do río Ulla. Estaban outra vez en terras galegas.



Santiago de Compostela

Cando chegou a noite, internáronse terra adentro unha ducia de millas á procura dun lugar axeitado para o enterramento. A dona daquelas contornas resultou que era a raíña Lupa. Accederon a ela e pedíronlle unha pequena parcela para depositar alí o corpo do seu mestre. A raíña, pola súa banda, remitiunos ó rei Duio, que era inimigo do cristianismo, e ordenou que os metesen na cadea.

Saíron do cárcere por un milagre e tamén milagrosamente puideron escapar da persecución á que se viron sometidos por parte das tropas do rei. Entón volveron de novo á presencia da raíña Lupa. A raíña, asustada ó coñecer todo o que lles tiña acontecido, quixo desfacerse deles, encamiñounos para o monte Illicino (hoxe Pico Sacro) coa esperanza de que os touros salvaxes que poboaban o monte, acabasen con eles dunha vez. Pero

non foi así. Os animais, na presencia daquela boa xente, esqueceron a súa natural ferociade e deixáronse xunguir mansamente.

Deste xeito e, despois de facer desaparecer áinda ó temido dragón que tiña atemorizados a tódolos habitantes da bisbarra, presentáronse por terceira vez no pazo da raíña Lupa. A súa presencia provocou nela un abraio tan forte e intenso que mesmo a impulsou a mudar de actitude. Adoptou a decisión de facerse cristiá, ofrecendo, ademais, os seus propios xardíns para a sepultura do corpo do apóstolo... Os insondables e indescifrables avatares da historia farían que alí permanecese esquecido e agochado durante séculos.

OMISTERIO DO MONTE LIBREDON

Aconteceu no ano 813. Reinaba Afonso II, alcumado "O Casto", e Carlomagno era emperador de Occidente. Un ermitán, chamado Paio, di ter unhas visións de anxos e, por outra banda, uns pastores falan dunha estraña e misteriosa luminosidade nos matos do monte Libredon (castro do camiño). Dende un sitio concreto do monte, dende un lugar preciso das súas abas, unha estrela parece irradiar fortes resplandores, escintilantes e refulxentes.

Comunicánlle os feitos a Teodemiro, bispo de Iria Flavia. Abraiado, preséntase no lugar e observa directamente os prodixios que alí acontecen. Fai tres días de xaxún e oración e revélaselles, milagrosamente, que alí estaba oculto o sepulcro de Xacobe. Rozan a maleza e atopan a arca de pedra que contina os restos mortais do apóstolo.

De contado, fanlle chegar ó rei a nova do milagroso achado. O monarca acode en persoa, acompañado dos seus nobres e fidalgos. Confirmada a veracidade dos feitos, ordena que se erga alí unha capela que, sucesivamente engrandecida, acabará converténdose na catedral compostelá. De seguido, instálase tamén alí unha pequena comunidade de monxes agostiños, presidida polo abade Ildefredo e será ese o cerne que dará orixe á cidade de Compostela. Non en van Compostela é, segundo a hipótese máis popular, o "campo da estrela".

Moi axiña o rei Afonso II da conta do feito ó emperador Carlomagno e, de contado, a nova esparéxese por Europa enteira.

OCAMIÑO DAS ESTRELAS

A esa primitiva igrexa, transformada despois ó longo dos séculos na que hoxe é a fermosísima catedral compostelá, veñen dende entón peregrinos de

detoda Europa. A cidade de Santiago, xurdida en torno do sartego do Apóstolo, erixiu-se como foco de atracción para toda a cristiandade, como punto de converxencia, como lugar senlleiro de peregrinaxe.

O descubrimento do sartego do apóstolo provocou unha auténtica enchente de persoas provenientes de tódolos recantos de Europa. A Compostela peregrinan reis e bispos, penitentes e doentes feirantes e trobeiros, pecadores e santos, artistas e pícaros,...

Esta multisecular peregrinaxe que chegaba, e chega, dende os recunchos máis afastados, foi orixinando e producindo sobre a xeografía europea unha tupida rede de camiños que conflúen en Compostela. É por iso polo que se fala de moitos camiños de Santiago: O "Camiño do Norte", o "Camiño do Mar", o "Camiño Inglés", o "Camiño Portugués", o "Camiño da Ruta da Prata", o "Camiño do Sueste".

Pero hai un que foi o más seguido e frecuentado de todos os outros xuntos, é o que nos describe minuciosamente o Libro V do "Codex Calistinus" do século XII, é o "Camiño de Santiago" por antonomasia, chámasele tamén "Camiño das Estrelas" porque o seu trazado axústase co que segue no firmamento a Vía Láctea.

Ó longo e ó ancho de toda Europa son varias as rutas que levan ós peregrinos cara a Santiago, pero case todas elas quedan reducidas a dúas para entrar en España. Asemade, estas dúas unifícanse en Puente la Reina, para seguir dende alí un único camiño ata Compostela, tense dito que "é a rúa peonil más grande do mundo". Este Camiño xerou unha extraordinaria vitalidade espiritual, cultural e económica; moldeou a xeografía, produciu literatura, música, arte e historia. Fíxose nacer cidades e vilas, erguéreronse hospitais, albergueiros e pousadas. Xurdiron vías comerciais, mercados e feiras; construíronse camiños e levantáronse pontes; erixíronse igrexas e catedrais,...

Cidades como Burgos, León ou Astorga; pobos de soña como Roncesvalles, Estella, Nájera, Frómista, Sahún, Cebreiro, Triacastela, Portomarín ou Arzúa son palpable e manifesto testemuño do seu devir no tempo e na historia.

O Camiño de Santiago é crisol de culturas, transmisor de correntes e ideas, encontro de pobos e linguas, eixo vertebrador da identidade, a conciencia e a personalidade de Europa. O Camiño de Santiago foi e segue a ser a raíz, a orixe, o fundamento e o alicerce de Europa. Xa o dixo Goethe: "*Europa fíxose peregrinando a Compostela*".

Por iso, pódese afirmar tamén, con criterio lóxico e sen medo a pecar de esaxeración, que o turismo como tal inventouse en Galicia. ¿Non foi acaso Compostela a primeira e principal terra de peregrinacións dende datas moi remotas? ¿Non naceu a primeira estructura turística no Camiño de Santiago, que se foi enchendo de hospedaxes, pousadas, mosteiros, hospitais e todo o que fora preciso


para atender a esa multitud de viaxeiros peregrinos?. E, indo áinda un chisco máis lonxe, ¿Non é o Codex Calistinus a primeira guía turística, o primeiro guieiro informativo, que se coñece?

XACOBEO - 2004

Estamos xa ás portas dun novo Xacobeo, o do vindeiro ano 2004. Estamos, pois, nunhas datas que nos convida a todos a camiñar, a facer o camiño; un camiño que nos leva a Compostela, capital dunha Galicia moderna e renovada.

Atopámonos nos comezos dun novo milenio. Os peregrinos dos tempos pasados foron quen de crear, ó abeiro do sartego do Apóstolo, o embrión da Europa moderna. Oxalá que os peregrinos do terceiro milenio sexamos tamén capaces de fraguar e forzar a nova Europa ós pés do Apóstolo. Será o sinal de que ternos atopado o camiño, de que ternos descuberta a ruta estrelada que alumea a noite da historia.

O Camiño de Santiago é unha grandiosa e monumental obra perenne que fala por si mesma.



Fraguada co sangue, a suor e as pegadas de tantos pés cansos e poeirentos, de tantas mans implorando perdón e clemencia, de tantos ollos voltos cara ó ceo, é para todos nós unha invitación permanente e teimuda a que sigamos na terra a ruta das estrelas. É a única ruta que nos pode levar á felicidade.

Por iso pódese dicir con razón que para chegar a Santiago non fai falla preguntar o camiño, abonda con levantar os ollos. O Camiño de Santiago está escrito no ceo

III CERTAME LITERARIO "AUNIOS"

1º Premio, Menores de 15 años

<UXÍA>

Por: María Esperanza Acuña Torres

¡Ola a todos!. Voume a presentar. Chámome Olga e son xornalista nun xornal, chamado Galicia Viva, se ben cando sucederon os feitos que máis adiante vos vou contar, era soamente unha aprendiz nisto de xuntar letras, confrontábame é meu primeiro traballo.

O director, un bo home que escondía os seus intelixentes ollos tras dunha grosas lentes escurecidas polo perpetuo fume que ascendía da súa pipa, pediu-me unha reportaxe sobre o Camiño portugués a Santiago debido a que era "ANO SANTO".

Lonxe de beber nas fontes escritas sobre o tema, boteime a mochila e maila miña gravadora, ó lombo, e

comecei a entrevistar a xente que facía a súa vida arredor do camiño. A desilusión pronto se apoderou de min xa que a información que me ían dando non aportaba nada interesante ó meu entender

á historia que con todo o meu ser ía buscando. Nembargantes ó día seguinte, logo de facer as mesmas preguntas de sempre, e de recibir as mesmas respuestas, un vello indicoume cun estralo sorriso, que preguntase na casa da señora Uxía, segundo el unha meiga teimuda. A pesar do meu temor decidín ir alá por ver de saír con éxito da empresa encomendada.

Uxía, resultou ser unha señora maior, de pelo branco e longo, recollido nun elegante moño. A simple vista non se parecía en nada a como ma pintaron, de tódolos xeitos eu fixenlle caso ó refrán que di que: "as apariencias enganan" e andei con moito ollo.

Pouco a pouco foime persuadindo coa súa doce voz e cando me decatei nin ascendera a mida gravadora, aínda que ela seguiu aportándome datos interesantísimos para o meu traballo. Ó concluír díxome que probara uns pasteis que tiña enriba da mesa do salón e que a miña visión do mundo cambiaría e podería facer cousas que me sorprenderían, pois eran máxicos se ben



no podía decir que cambiaría en min, pois cada un deles aportaba un poder diferente. Eu inda que non cría nada do que me acababa de dicir, non puiden rexeitar aqueles doces cun arrecendo e un aspecto tan delicioso e collín un recuberto de chocolate e merengue.

Ó saír da casa de Uxía, pensei que inda que parecía un pouco tola facía uns pasteis exquisitos. O que menos pensaba eu era que Uxía tivera razón, pero pouco tardei en descubrilo, pois ó rato oíñ a dúas pedras criticar como as trataban os nenos, sempre a patadas, dicían elas.

Ó principio coidei que tolarea, pero non o podía negar, agora tiña o don de escoitar ós seres inertes, ós que non deberían ter vida. Que sorte tivera, e como son tan intelixentes, despois do susto que levei, tiven a marabillosa idea de irlle preguntar directamente ó camiño que opinaba el da súa longa historia. Xa sei que pensaredes que estou un pouco tola ¿Non si? Pero por unha vez na miña vida, non me importou o que pensara a xente e preguntele:

- Señor Camiño de Santiago Portugués, ¿Pódeme contar algún conto que lle sucedera ó longo da súa historia?

- Pois claro que si, poderíalle contar miles, pero tendo un don tan espectacular coma o teu, eu penso que o mellor que podería facer, sería realiza-la viaxe vostede mesma.

Meu dito meu feito. Dous días despois, logo de comprar todo o necesario para a viaxe, emprendín a marcha acompañada da miña inseparable gravadora coma unha astuta reporteira nos seus comezos como tal. Pois, como xa dixen anteriormente, era o meu primeiro emprego, xa que só facía dous meses que rematara a carreira de xornalismo na universidade. Eu daquela tiña unha opinión do mundo totalmente diferente, pois pensaba que os únicos que sufriamos e tiñamos problemas eramos nós, os humanos, e que os animais e as plantas non se tiñan que preocupar por nada, pero sobre todo cría que os seres inertes só estaban na Terra de adorno. ¡Gracias a Deus que esa opinión cambiou co paso do tempo!. E todo gracias a Uxía e ós seus marabillosos pasteis, pero polo de agora non vou dicir máis nada.

Partín pola mañá cedo dende Tui, coidando tardar en chegar cinco ou seis días máis tarde, nada máis e nada menos que á mesmísima catedral de Santiago, inda que ó final empreguei uns cantos días máis. Pero como non quero aburrirvos coa miña longa viaxe, vovos conta-las anécdotas más divertidas que me sucederon durante

a viaxe e que me fixeron cambiar radicalmente de opinión. A primeira cousa extravagante que me ocorreu foi durante o xantar do primeiro día, posto que me sentei moi tranquilamente nunha rocha que, par suposto, non sabía que podía escoitala, e dixo:

- Outra vaca más que se senta enriba de min, coma se non tivese de abondo con aguantar os cativos cando se lles da por brincar enriba de min, ¡Non se pode estar nin sequera cinco minutos tranquila!.

Como son unha persoa educada, pedinlle escusas, solicitándolle por favor, que me deixase descansar un chisco, para poder xantar cómoda, e ela un tanto sorprendida por que un humano ousase falarlle, refungou:

- Xa, ¿e eu cando descanso?, ¡Senta onde poidas, papaberzas!

De tódolos xeitos, estaba tan cansa que pasei dela e senteime sen facer caso das súas protestas.

Cando rematei de xantar, xa de pé, establecín unha conversa moi interesante que, por suposto, gravei na miña gravadora, pero á hora de pasárllela ó meu director, fíxeno por escrito. Como entrevistado, describín a un gandeiro, non fóra ser que me ingresaran nun manicomio por tola ¿Non si?. Máis imos ó cerne, que iso sucedeu máis tarde. O resto do día transcorreu bastante tranquilo, inda que falei con máis rochas, cruceiros, paneiras e algún que outro muíño abandonado e derruído polo tempo, incluso con libros que, aparte que eles si falan e cada un conta unha marabillosa historia, contáronme diferentes contos dos que alí tiñan escritos.

Outra anécdota que me sucedeu foi cando, pouco antes de chegar a Pontevedra, máis ou menos por Salcedo, fun beber nunha fonte de auga limpia e cristalina, fría coma o xeo, que me fixo exclamar ¡Que boa está esta auga!, e oíñ dicir á fonte:

- Iso é o que ti cres, pero eu ben sei que non, pois vós, os homes vertedes cantidades de residuos e lixo non montes que me rodean, descoidades a natureza, en fin, o emporcádello todo, e coidades que iso non vos afecta, e certamente estades errados. Se eu estivese no teu lugar, non me atrevería a probar esta auga, nem bargantes ti telo ben merecido, ¡e tanto que así foi!, (paseime as seguintes catro horas no escusado do albergue debido a unha forte descomposición).

Na Terma de augas quentes de Caldas de Reis, funme lava-los pés e escoitei queixarse a esta:

- ¡Xa estou farta, todo o mundo vén aquí a lavarse, e

despois inda din que cheiro mal!. ¡A quen lle estraña con este fedor a queixo!

Todo isto facíame más interesante o camiño, e pouco a pouco funme decatando da fonda transformación que este ía causando en min, cando, dende o alto do Milladoiro vin as torres da catedral o meu corazón doume un brinco, por fin remataba o meu camiño, se ben inda non sabía que facer co traballo.

Ó mesmo pé da catedral, na fermosísima Praza do Obradoiro, a punto de subir polas escaleiras que preceden ó Pórtico da Gloria, sentín de novo queixarse ás pedras:


- Xa vexo, ti pensas que eu non debo queixarme, pois moitos son os que veñen dende sitios moi distantes a visitarme.

- Pois si, demos, así é, respondinlle con certo enfado.

- Xa, xa; escoita atentamente pois non penso repetilo. Cando me levantaron en honor ó sepulcro do apóstolo, isto era unha marabilla, moitísimos peregrinos viñan só para ve-la tumba do santo e más a min. Co paso do tempo funme deteriorando e poucos son os que lles preocupa o meu estado, as herbas medran sen que ninguén as arrinque e as cagadas das pombas ensucian miñas traballadas figuras. Máis isto non é o que más me afecta; o que más me doe é que só se lembran de min no ano Santo, despois case non se ve ningún peregrino, o fermoso camiño que ti fixeches fica abandonado, os homes só vos preocupades de vós mesmos, e seguides sen darvos conta de que, se acabades co que vos rodea acabaredes con vós mesmos. Escoita, non creas que é un soño, foi a miña amiga Uxía a que che deu eses poderes, para que o puideses sentir. Por favor, envíá esta mensaxe na procura dun mundo mellor que teña en conta os valores da natureza, agora ti tes nas túas mans o conseguiło, de tódolos xeitos, xa nunca máis volverás a escoitarnos.

Ó principio, non lle fixen moito caso a todo isto e ó meu director entregueille un artigo totalmente diferente, inventado. Recibín parabéns do director e logrei desempeñar a miña carreira profesional con éxito. Nunca falei disto con ninguén, agora próxima ós 65 anos, perdín o medo e decidín publicar esta pequena homenaxe á miña querida Uxía. Xa non me importa que me tomedes por tola, soamente pido a quen de vós estea interesado no Camiño, que cando na beira topedes cunha señora de longo pelo branco, recollido nun elegante moño, non temades a comer un doce pastel de chocolate con merengue.





A SORPRENDENTE PEREGRINACIÓN, EN 1832, DE TERESA DOMÍNGUEZ BARREIRO: DE SANTAIA DE BATALLÁNS (AS NEVES) A ROMA

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

De tódolos epitafios que temos recollido ó longo de Galicia e que pasan amplamente dos mil (Fernández de la Cigoña, no prelo), ningún chamou tanto a nosa atención como o que achamos no pequeno camposanto parroquial de Santaia de Batalláns, no concello das Neves, ó carón mesmo das abas do Paradanta que levanta o seu cumio ata os 860 m de altura, na parte sueste da provincia de Pontevedra, tocando xa con Portugal, co Miño por medio.

BATALLÁNS: UNHA ALDEA MONTESA

Santaia de Batalláns é unha das trece parroquias do actual concello das Neves, pertencente á diocese de Tui-Vigo. Está na zona norte daquel territorio, lindando con Santa María da Franqueira (A Cañiza), contra a montaña. A mediados do século XIX, segundo recolle Pascual Madoz (1845), pertencia ó concello de Setados, posuindo un clima morno e san. Reunía 89 casas en total que formaban os lugares de Furna, Fraga, Guille, Lentille, Pío, Portela, Presa e Viso. A igrexa parroquial de Santaia estaba servida por un curato de entrada, de padroado real e ordinario. O terreo participaba de monte, arborado, de pastos e chairas de media calidade. Os camiños locais, así como os de travesía achábanse en regular estado de conservación. A parroquia producía millo, centeo, viño, patacas algunas legumes, hortalizas e froitos diversos. Había caza de perdices, lebres, coellos, "pitorrás" (1), paspallás e algúns lobos. Nos seus ríos, pescábanse anguías e outros peixes, aínda que non indica os nomes. Respecto á industria sinala a presencia dun solitario muíño fariñeiro. A poboación constaba por aquel tempo de 88 veciños e 498 almas (2).

En 1936, case cen anos despois dos feitos que irnos narrar seguidamente e segundo conta Álvarez Limeses, as cousas non variaran demasiado. Non tiña "*carretera ni camino vecinal ninguno, ni construidos ni en proyecto*" e a súa economía de mera subsistencia baseábase principalmente na agricultura, sendo complementada coa gandería. A súa poboación ascendía a 547 habitantes. En 1996, o declino de Batalláns facíase notar no censo dos seus habitantes que estaban reducidos case á metade. Exactamente: 295. O seu atraso debería ser grande, dado o illamento secular no que se achaba mergullada esta aldea e neste contexto de subdesenvolvimento e demora permanente é que nace, críase, casa e morre a nosa protagonista, que ata o instante que decide emprende-la súa magna viaxe ata Roma non destacara entre os seus veciños por ningunha outra razón digna de se poder recrear nunha historia do pobo. (Fig.. 1)

UNHA VIDA CONDENSADA NUN LONGO EPITAFIO

É o fillo da propia finada: Manuel Gil Domínguez o que explica no epitafio que mandou gravar, a vida da nai que a

levou, nun arrebato relixioso, raiano á mesma loucura, a emprender unha longa peregrinación ata Roma, cousa en verdade insólita na mentalidade dunha muller campesiña, nada nunha aldea montesa e afastada como era aquela, e máis nunha época: primeiro tercio do século XIX, no que viaxar non era dende logo nada doado e acumulaba unha serie de graves problemas difíciles de encarar, sobre todo para unha muller.

Foi á súa morte, cando o seu fillo lle fixo un mausoleo para alberga-los seus restos mortais. O panteón é, sen dúbida, o máis fermoso daquel pequeno camposanto aldeán que rodea á igrexa, coma un anel ó dedo. Áchase na banda esquerda, case pegado contra a parede exterior do templo, presidido na parte alta por un escudo que representa a súa fazaña: ir camiñando ata Roma, sen medios




Fig.1 - Mausoleo de granito e mármore de María Teresa Domínguez Barreiro, situado no lateral esquerdo do camposanto de Santaia de Batalláns (As Neves - Pontevedra meridional). As flores por diante do nicho sinalan o lugar exacto onde repousan os seus restos mortais. Tamén lle acenden velas con moita frecuencia, pois para moitos veciños daquela freguesía montesa trátase dunha muller santa.

exclusivamente da caridade do próximo, descoñecendo as filas do camiño, facendo fronte ós máis variados problemas, unha muller soa e nova: tiña 30 anos cando iniciou a peregrinación que a obrigou a camiñar durante máis de 2.500 quilómetros de ida e outros tantos de volta.

DESCRICIÓN DO MAUSOLEO

Polo tanto, non nos pode estranhar que catro cunchas de vieira dispostas en pao e dun xeito emparellado, afastadas ambas parellas por un bastón con cabaza nun extremo que divide en dous dun xeito diagonal e simétrico, de esquerda a dereita, ó campo de gules e sobrepasadas todas por un chapeu de peregrino, compoñan un conxunto que á maneira dun escudo de armas refenda para sempre aquela viaxe que fala ben as claras do valor e decisión daquela femia de Batalláns que esquecéndose de todos, incluso dos seus propios, puxo a relixión por guía e monteira da súa vida(3). Deixou o seu único fillo, Manuel, que tiña entón tan só sete anos ó coidado do seu home e emprendeu a viaxe.

A ambos lados do escudo aparecen as figuras de dous anxos-meniños, espidos e sen ás. O da esquerda leva un libro nas mans. Cremos que se trata dos Santos Evalxeos que impulsaron como lectura aquela visión sublime dunha Igrexa incipiente e asoballada, mentres que o outro, en actitude meditativa, simboliza o pensamento que acabou sendo único naquela muller e que a levou a pórse en marcha cara á Cidade Eterna. Un arco de medio punto, que encerra no seu centro unha coroa cunha cinta inferior a xeito de medalla por riba do escudo, serve de pedestal á figura dunha moza esvelta e ben vestida que simboliza a Fe. Aparece cos ollos vendados, posto que a Fe consiste, precisamente, como ben di o Catecismo, en cre-lo que non vemos. Porta na man dereita un cáliz e na esquerda unha enorme cruz que a supera en altura (4). Presenta, esta imaxe, os trazos finos e ben perfilados, como se fose un artista-escultor no canto dun rudo mestre pedreiro o que a executou con coidado, agarimo e bo saber, cunha cara fermosa e radiante. Hai quen asegura na aldea de Batalláns que ten o rostro exacto da propia María Teresa, que o fillo mandara reproducir con absoluta fidelidade tomándoo dun camafeo familiar no que aparecía de moza, para lembrala tal como era na súa mellor e más esplendorosa etapa vital cada vez que se achegase a súa tumba para chorala. Os pregues do vestido, profundos e ben elaborados, proporcionan certo voo á saia que lle cubre ata os mesmos pés, imprimindo á figura unha sensación de certo movemento. Os mangotes, extremadamente longos saen dos puños do traxe, proporcionanlle un aire estranxo, como se dunha fada se tratase. Por último, dous tirantes de ferro, paralelos ó chan, parten da parte baixa do escudo cara ó muro da igrexa, onde se fixan, dando estabilidade a todo o conxunto funerario, impedindo deste xeito que poda abanear coa forza do vento e caer derrubado impunemente sobre as lousas do chan unha noite calquera de forte temporal.(Fig..2)

Neste túmulo, que supera os cinco metros de alto, a pesar de ter ata nove nichos dispostos en tres niveis diferentes, o único que mostra identificación é o desta peregrina, situado mesmamente a ras do chan e na parte




Fig.2 - Parte alta do panteón da "Peregrina". O escudo cos símbolos da peregrinación: cunchas de vieira emparelladas, bastón con cabaza para a auga e chapeu de viaxe franqueado por columnas e anxos ó pé, áchase por riba dos nove nichos dispostos en tres andares. No alto, coroando o monumento, aparece a imaxe da Fe: mocía fermosa cos ollos tapados, levando na man dereita un cáliz e na esquerda unha cruz. Moitos cren ver nela a reproducción exacta de María Teresa Domínguez Barreiro, no momento xusto en que iniciou a súa andaina cara á Roma, cando contaba con 30 anos de idade.

central, estando os outros oito, ó parecer, enteiramente baleiros ou polo menos sen epígrafes que proporcionen información de calquera tipo. Naquel tempo, estamos a falar do século XIX, os epitafios, nunha altísima porcentaxe estaban escritos en castelán e uns poucos en latín, pois o galego que se falaba sen embargo a cotío nas aldeas e vilas da nosa terra de maneira case excluínte, non chegara áinda a reinar nestes recunchos do corazón e da nostalxia. A primeira destas linguas foi, polo tanto, a escollida para que tódolos usuarios do cemiterio parroquial e da igrexa de Bataliáns puidesen ter noticia exacta daquela magna peregrinación efectuada por unha filla daquela freguesía, en condicións de absoluta pobreza e sen ningún que a socorrese e acompañase.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

Parece, en verdade, que o tempo non teña pasado polo panteón de María Teresa Domínguez, pois agás o meniño situado a man dereita do escudo, o que se acha en actitude meditativa, que perdeu o pé esquierdo, non apreciamos outros danos aparentes e dignos de ter en conta. A sólida

construcción, feita no granito do país, así como a coidada unión dos diferentes elementos que integran a obra evitou as filtracións de auga que son case sempre a causa da decadencia monumental, máis áinda nun país coma o noso onde a chuvia se fa; absolutamente persistente. Por outra banda, ó non ser removido nunca do lugar orixinal onde se levantou pola primeira vez, evitou os danos que os trasladados, áinda que sexan curtos, sempre ocasionan ós monumentos por moito coidado que se poña en evitalos. A parte traseira do panteón por estar case pegada ó muro externo da igrexa está sen traballar, pois non fica á vista dos visitantes que únicamente contemplan o frontal cando se desprazan polo adro. (Fig. 3.)




Fig. 3 - Partida de nacemento de Manuel Gil Domínguez, nado o 3 de setembro de 1825, fillo lexítimo do matrimonio formado por Manuel Antonio Gil e María Teresa Domínguez, do lugar da Furna (Santaia de Batalláns).

O EPITAFIO TALE COMO O VEMOS

O epígrama que nos ocupa enche totalmente a lousa de mármore branca que pecha o nicho, deixando poucos espacios baleiros, dada a grande extensión do mesmo. A lápida, case un cadrado, ten exactamente 59,5 cm de altura por 58 cm de fronte, sendo algo menor cas laterais (5) do mesmo andar. Comeza esta lenda destacando o nome da finada, para identificar á mesma, así como as datas de nacemento e defunción, que sitúan a súa dilatada vida, 82 anos, no lugar exacto da historia. Na transcripción que imos facer, respectamos escrupulosamente a disposición dos parágrafos sobre a lápida, así como a puntuación utilizada. Ademais, convén sinalar que non apreciamos faltas ou erros ortográficos ou sintácticos de importancia na súa exposición, cousa que, sen embargo, sucedía moi frecuentemente noutros epitafios do mesmo tempo e de xente de más categoría tanto social como económica, o que revela, sen dúbida, unha coidada educación do fillo que o mandou gravar. Comenza, en prosa, en letras grandes, ás maiores do epígrama, deste xeito:

"Da. MARÍA TERESA DOMINGUEZ NACIÓ EN 30 DE MARZO DE 1802. FALLECIÓ EN 6 DE ABRIL 1884"

A continuación, en letra más pequena e cursiva, para se diferenciar do resto, explica ós lectores curiosos que se paren a lelo, cousa que non resulta dodata por estar situado demasiado baixo, quen é o que o mandou facer e cal o motivo da súa coidada execución:

"HOMENAGE DE SU HIJO" (6)

Seguen, logo, dous cuartetos perfectamente construídos, con rima consonante e de once sílabas cada un, como ordenan as normas da boa versificación académica. Utiliza, claro está, un estilo certamente pomposo e un vocabulario escollido, moi acorde coas circunstancias e coa época romántica no que se desenvolve a acción que está a referir. Fálase, no primeiro deles, do destino inexorable que espera a tódolos mortais: unha lousa nun camposanto calquera, cara á cal camiñamos dende o instante mesmo de vir a este mundo:

"TRAS ESTA LOSA QUE ESTE NICHO ENCIERRA, HAY UNA ETERNIDAD, QUE A CADA INSTANTE ATRAVIESA UN MORTAL QUE EL PASO ERRANTE DIRIGE, CAMINANDO POR LA TIERRA"

O segundo cuarteto circunscribese máis ó personaxe que acouga tralo mármore, ponderando a súas virtudes de muller que a converteron nunha boa nai e, tamén, nunha excelente esposa:

"APRENDE PUES, MORTAL, ANTE ESTA LOSA, TRAS DE LA CUAL, LA ETERNIDAD SE ABRE; UN MODELO HALLARÉIS DE BUENA MADRE Y OTRO NO MENOS GRANDE DE UNA ESPOSA"

Na última parte, o epitafio abandona as estrofas imponentes dos versos hendecásilabos para regresaren outra vez á sinxeleza da prosa, tal como se iniciara. Condensa, en cinco liñas escasas, como foi que María Teresa Domínguez decidiu abandonar a súa vida familiar e comezar unha incerta viaxe que a levaría a través de Francia, ata a mesmísima Roma, a Cidade Santa por excelencia da cristiandade, para visita-lo Papa e a tumba de San Pedro. Viaxe por certo que coroa con éxito, conseguindo regresar felizmente ó seu fogar dous anos despois da súa iniciación, traendo consigo o diploma de peregrina, como se dunha certificación notarial se tratara. A lápida, asegura que:

"EN 1832 AFECTADA DE UNA MONOMANÍA RELIGIOSA ABANDONÓ SU HOGAR Y ALLEGARÁ A LOS PIRINEOS RECOBRÓ LA RAZÓN; SIGUIÓ A ROMA IMPLORANDO LA CARIDAD PÚBLICA REGRESANDO CON CARÁCTER DE PEREGRINA EN 1833 LLENA DE FERVOR RELIGIOSO QUE

CONSERVÓ HASTA EXHALAR SU POSTRER SUSPIRO."

O colofón definitivo a todas estas explicacións que de motu proprio ofrece o fillo da finada sobre o proceder certamente anómalo da súa naí, como se ser frecuente noutras moitísimas tumbas de Galicia, tanto daquel tempo afastado como do presente más inmediato, queda reducido a un simple pero entrañable:

"R.I.P."

acrónimo como sabemos da expresión latina tantas veces repetida: "*Requiescant in pacem*", coa que soen remata-la maior parte das lápidas que pechan as sepulturas dos crentes da nosa terra e que non é máis que o desexo sincero e íntimo de tódolos vivos para os que traspasaron definitivamente o límiar da vida.

¿PERO, QUEN FOI MARÍA TERESA DOMÍNGUEZ?


Despois do transcurso de case cento vinte anos do pasamento de María Teresa Domínguez, poucas cousas son as que conseguimos saber, porque a súa pegada foi leve e mol coma o voo dunha bolboreta en primavera. Polo "Libro de Bautizados" da Parroquia que se conserva no Arquivo da Catedral de Tui, sabemos que foi filla lexítima de José Antonio Domínguez e de Bernarda Barreiro. Que a bautizara solemnemente o día seguinte do nacemento, o 31 de marzo de 1802, o señor abade de Santaia de Batalláns, daquela Don Francisco Ildefonso Chaves. Viviu ca seu home e o seu fillo no lugar da Fuma, nesta parroquia de Santaia de Batalláns. O "Libro de Defuncións" que se conserva áinda na igrexa baixo a custodia do párroco, infórmanos brevemente de que, cando morreu ós 82 anos de idade, o día 6 de abril de 1984, xa era viúva de Manuel Antonio Gil Álvarez. Que áinda que non fixera testamento, deixou expresamente ordenado que oito sacerdotes, incluido o propio cura párroco de Batalláns, lle cantasen no seu funeral. Tamén estipulou que se dixeran ata un total de 50 misas pola súa ánima e a do seu home. Para as Ánimas Benditas do Purgatorio, como era costume naquela época, tivo un recordo, deixando cinco reais para que puidesen ser socorridas.

EPÍLOGO

Transcorreu máis dun século dende o pasamento de María Teresa Domínguez Barreiro, máis coñecida na súa

aldea natal polo alcume de "A Peregrina", pero na memoria colectiva e actual da xente de Santaia de Batalláns non se esqueceu para nada aquela longa viaxe efectuada por un dos seus. Aquela mulleriña, tida, ainda hoxe, como unha verdadeira santa, recibe constantemente ante a súa tumba o testemuño de afecto dos seus veciños en forma de flores. Raro é que non haxa tódalas semanas un xerro coas flores máis frescas da tempada recollidas dos xardíns e campos e é que a súa lembranza perdura no tempo como se no canto de ser absolutamente certa e real se tratase tan só dunha lenda mítica e por suposto imaxinada, dun conto inventado nunha noite de troula e alegria, transmitido oralmente de xeración en xeración ante o lume agarimoso da lareira nas longas e frías noites da invernía montesa.

Observando o fermoso mausoleo onde repousa en solitario e para sempre aquela dona galega dos camiños de Europa, non cabe dúbida de que o fillo que o mandara facer debeu ficar fortemente impresionado durante toda a súa existencia pola acción emprendida pola súa nai cando áinda era unha muller nova e chea de vida. A coroa cunha cinta a xeito de medalla que premia os herces e atletas vencedores, a figura ergueita da fe, que a levou á realización do seu proxecto sen vacilacións, o escudo nobiliario cos símbolos da peregrinación efectuada, que enxalta,



Catedral de Tui

aínda máis, se cabe, a súa enorme fazaña, os anxiños montando a garda permanente e protexéndoа polos longos e perigosos camiños das serras espidas, etc. expoñen dun xeito aberto a quen queira ver aquela aventura que nunca máis se repetiu na bisbarra do Paradanta, montaña que infunde carácter a tódolos pobos que se acham na inmensidá das súas abas e que teñen como lugar de encontro e devoción permanente o santuario mariano da Franqueira (A Cañiza), onde se debeu xestalo inicio daquela magna peregrinación, cando sendo tan só unha nena e cos seus encamiñaba os pasos por corredoiras e congostras cara aquel santo lugar, corazón de vocacións, onde reina por sempre a Grande Señora dos cumes xeados do Paradanta e Fontefría.

AGRADECIMENTOS

Vémonos, agora, na obriga sempre agarimosa de nomear aquí aqueles que nos botaron unha man amiga ó longo deste traballo e facémolo con fondo agradecemento. Lembrámonos, especialmente, de Don José Carlos Pérez Montes, cura párroco de Santaia de Batalláns (As Neves),

entre outras varias parroquias que na actualidade atende, que tivo a xentileza de nos facilita-los datos do "Libro de Defuntos", que se atopa baixo a súa custodia na igrexa que rexenta dende hai algúns anos, así como do investigador miñoto Xoán Martínez Tamuxe, do Rosal, que nos falou pola primeira vez da existencia deste longo e fermoso epitafio, cando soubo que nós estábamos a recollelos por toda Galicia.

COLOFÓN

Para nós descubrir esta muller foi como recupera-la imaxe viva dunha historia humana, escrita dende hai máis de cen anos en letras de molde sobre unha humilde lápida de mármore albo, esquecida e agachada nun pequeno e recollido camposanto aldeán, ó carón mesmo da igrexa de Santaia, que se atopa afundida nun val frondoso e fértil, entre as abas montañosas do Paradanta altivo e da Fontefría marihana.

NOTAS EXPLICATIVAS

1 - Pascual Madoz recolle o nome de "pitorra", como denominación local dunha concreta ave que se cazaba naquela bisbarra montañosa. Sen embargo, nós, non somos quen de identificar unha especie determinada con semellante nome. Pensamos que se debe referir as pitas de auga *Gallinula chloropus*, que deberían estar presentes nos cursos permanentes e lugares empozados ou quizais, por confusión chamaban pitorra á becacina *Gadlinago gallinago* que chegaban nos outonos e permanecían ata a primavera.

2 - Naquel tempo era frecuente dicir "veciños" no canto de casas ou familias que nelas habitaban e "almas" no de habitantes. Polo tanto, Pascual Madoz está a dicir que había tan só 89 casas na parroquia de Santaia de Batalláns, habitadas por outras tantas familias e que estas proporcionaban ós censos un total de 498 habitantes.

3 - Posiblemente, esta parte superior do mausoleo fose policromada cando se inaugurou a finais do século XIX, tralo pasamento de María Teresa Domínguez Barreiro, tal como acontecía noutros monumentos funerarios que coñecemos daquela época. Por iso falamos de cores, de campo de gules... Na actualidade, non conserva restos aparentes da suposta policromía inicial, pero hai que ter presente que conta con máis dun século de existencia e de que se acha moi exposto ás inclemencias meteorolóxicas, xa que está abertamente orientado cara ó norte e sen protección de ningunha clase.

4 - A representación desta virtude teologal: a Santa Fe, resulta ser moi habitual noutros monumentos de carácter funerario con certas pretensions e que se achán espallados polo país adiante, pertencentes a esta etapa romántica da vida e da historia. Pode esta-la figura feminina sedente, ás veces sobre unha bólía do mundo, ou completamente ergueita sobre un

simple pedestal, como é o caso de Santaia de Batalláns, pero sempre levará un pano sobre os ollos impedíndolle por completo a visión e moi a miúdo portando un cáliz na man dereita e unha cruz na esquerda que nos falan da morte e resurrección de Cristo, como dogmas inmutables da nosa fe cristiá.

5 - Ás tres lápidas que pechan os nichos da columna central, na parte inferior do mausoleo, entre a que se atopa a de María Teresa Domínguez Barreiro, son algo más pequenas cas laterais, quizais porque estivesen destinadas a garda-los restos mortais das mulleres da familia que por presentar normalmente menos anchura de ombreiros cos homes, precisan para o seu acubillo no nicho dun menor espacio. Tamén estes mesmos lugares poderían ser destinados ós nenos, xa que por aqueles anos a taxa de mortalidade infantil era moi elevada. As lápidas laterais, bastante más anchas, áinda que un chisquiño más baixas, miden: 58 cm de alto por 66,5 cm de fronte.



Hórreo con iglesia de Santa Eulalia al fondo

6 - O único descoido ortográfico, por dicilo dalgunha maneira, que podemos atopar ó longo deste descriptivo e longo epígrama gravado con todo cuidado na lápida de mármore que cobre o nicho desta muller está na palabra "homenage". Pero posiblemente, no seu momento, cando a escribiron a finais do século XIX, fose perfectamente correcta, pois consultado un "Diccionario de la Lengua Castellana", composto pola "Real Academia Española" e que data do ano 1783, este vocábulo aparece cun "g", tal e como o vemos representado no epitafio do panteón de Santaia de Batalláns. Por outra banda, había por aqueles tempos moitas "vacilacions" deste tipo, que aínda hoxe perduran na escrita, e que non estaban consideradas por ningún como possibles errores ortográficos.

BIBLIOGRAFÍA ESPECIFICAMENTE CITADA Ó LONGO DO TEXTO

- * ÁLVAREZ LIMESES, G. 1936. Tomo "Pontevedra". En: "Geografía General del Reino de Galicia". Obra dirixida por F. Carreras Candi. Alberto Martín, editor. Barcelona.
- * FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. No prelo. *Epitafios dos cementerios de Galicia*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE).
- * MADOZ, P. 1845. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid.



Trasnos de Compostela

Por: Xavier Barreiro Luces

Debuxos: Luis Cid

jPócemas para o mal de amores, feitizos dun día, conxuros para meigas chuchonas, corno esfeilado de trasno, aturuxos de tronante, tempo de vivos medido mun reloxo con areas de ouro, flores de figueira, ovos de pita choca dun galo negro, cuspe de Satán en cunca de garabano, peidos cheirentos de Lucifer en po, soños de tolo, pensamentos esquecidos dunha muller namorada, raiolas do Arco da Vella, cirios e candeas usados pola Santa Compañía, petiscos de xiria de demouchiños, ollos e aguillóns de serpe, coiro de sapo, bile de neno nacido morto, acios de linguas de mouros e auténticos libros máxicos de druída!

Berrando esta proclama é como os trasnos feirantes de Compostela anuncian a súa mercadaria, é o "business trasning". Ninguén sabe dende cando, pero canto trasno hai na Nosa Terra acoden á vila do Apóstolo unha vez na súa vida, sempre en Ano Santo e bisesto, ata o de hoxe. Nesta feira meigalla o tempo semella deterse e o espazo é paralelo ó noso. Os trasnos feirantes xúntanse nas rúas máxicas de Santiago, pero só os pelegríns, a xente de bo corazón, os nenos e

todo aquel que queira algo destes seres infernais poderá velos e tratalos.

Cada feira dos mortais humanos ten o seu "intríngulis": uns van tomar o polbo e feirearse, outros mercan un porco, ás veces boroa, froitas do Ulla e queixo do país, tamén venden un xato; acoden gaiteiros e pandeireteiras, e hai quen non vai pero sábeo todo mellor que calquera de nós que estivese por alí. Os humanos imos a estoutra feira na procura das quimeras que non vemos, para atopar o xeito de facer dano a un veciño, por envexa,... Os trasnos van por amolarnos a existencia e aproveitarse dos nosos defectos e da nosa cobiza, para demostrar o seu poderío fronte ós outros habitantes do Averno, por aprender novas mañas.

Meigas, enfeitizados, trasnos, mouras, donas, doncelas, lumias, caneiros, demouchiños

e outros seres malignos con poderes supraterreos chegan alí percorrendo o Ollo de Sapo, que non é máis que un conxunto de túneles con moitas curvas e saídas que atravesa toda Galicia, sen pagar peaxe, dende Estaca de Bares ata A Mezquita. Este feito



Cartafulleira

aprovéitano estes diaños para facer esmorgas e troulas en calquera vila e desaparecer nun intre. Unha das saídas está oculta na Quintana de Mortos, ben pechada, e só eles poden traspasala nesa data revirando un poxigo de granito rosa con forma de cuncha de vieira.

Nubeiras e Tronantes veñen polo aire anunciando a súa chegada con lóstregos, sementan raiolas de tódalas cores e as nubes, ó ras do chan, corren como se quixesen caer enriba dun paraugas para anegar as rúas dunha brétema misteriosa. Ó remate da feira vanse co vento e agroma un silencio eterno no arredor do *Compost Estela*.



As tres meigas más fermosas de Galicia, señoras do Reino das Augas, as Xacias ou Xanas, que tecen con fios de ouro corozas, albeos, sabanas e chambras, chegan polo Sar e

o Sarela dende mares e ríos afastados. Trocan os farrapos dourados, seguramente meigos, pola resposta a unha adiviña. De non lle acertar hailles que dar unha mazaroca de millo corvo, pois a quien se negue convérteno en lamprea, pero de atopar o corpo perfecto de home agasallan ó seu dono cunha prenda e tentan engaiolalo para casar con el. Cando liscan de alí esvaécense no gurgullón dun regueiro.

¿Qué fan uns entes sobrenaturais feireando ós pés do cabalo branco do Santo Apóstolo? Topamos co Xoitamia vendendo libros e pergameos de falsa maxia; o que máis

lle solicitan é o *De Corretione Rusticorum*, disque do Santo Martiño de Dumio, unha colección de follas na que o santo explica como se desfacer do mal de ollo, de meigas e outra mala xente. O *Lebor Gabala*, libro que escribiu Breogán relatando as xestas dos nosos devanceiros, e o *Ciprianillo*, libro de esconxuros galegos, teñen moita venda. O Forriolo oferta corcoños de Gundivós cos que se fai o mellor tinguidura de ardentía do vagalume. Con esta tinta só se poden escribir as verdades, coas mentiras faise invisible cando se le, por iso políticos, notarios, avogados e preiteantes andan na súa procura nesta feira, pero só xurde o efecto se usamos unha pluma con punta de diamante. Nas lousas da Rúa do Vilar ten a súa parada un bochinche.

Quen aprecie os cogomelos coñecidos como lingua de boi pode trocarlos ó Zarabeto por sons de verbas xeitosas ou frases enteiras, tendo en conta que despois nunca máis volverá a pronunciarlas. Este trasno tatexa cando non fala o Verbo Xido, o latín dos canteiros, pero entende moitos idiomas. Na feira, o Zarabeto instálase nunha cachoupa ó pé da fonte de


Acibechería xunto co Zoa, un demouchiño que non fala, só barbulla os sons da natureza. Co Zoa non se pode iniciar unha parafeada, pois empeza co ruxerruxe para non rematar en días, agás cando rexouba a Berenguela; é como se os seus beizos fixesen de imán cos nosos tímpanos.

Calquera mortal pelegrín que goce na cociña e da boa mesa pode mercarlle ó demo Cenlumes uns coitelos que cortan sos sen collelos na man, sen esforzo, e non se cegan no fio, ou decantarse por unhas tixolas que cociñan sen graxa e sen lume. Se lle dicimos unha receita que este diaño non coñea teremos un deses agasallos. Ó amosarlle un novo arrecendo, ou se lle damos a probar un sabor desconecido para el, comeremos dabondo e ben toda a vida. Adoita establecerse na Praza do Toural, e como devece por comer ben vai xantar nas casas de comidas do Franco.

Outro demo, o Corrigatos, que farto de comer touciño con bolos do pote se meteu fraude, percorre a vila na procura dalgún chapante para convidalo, pois deste xeito vaise liberando de canto comeu de máis. Antes de enche-la andorga bendice a mesa dicindo: *Bendícelo Dios, comámolo nós.* Cando non está chapando podemos atopalo no Pazo de Xelmírez, porque segundo conta a lenda, este demo acóchase nas adegas na procura de bo viño e abondosas viandas.

A churrusqueiriña feiticeira Encarnoira dirixe as meigas pandeireteiras, que bailan diante da fonte da Praza de Cervantes mentres enmeigallan ós bocaaberta que axexan e rexouban dos seus encantos. Os tronantes gaiteiros, co druída Picheleiro á fronte, engaratuxan a canta boa moza escoita o son da palleta e o roncón. Dende a Praza do Obradoiro ata O Milladoiro nenos e vellos, demos e santiños, todos xuntos gozan dos sons que saen dende o fol da nosa raigame.

Hai unha meiga, Eudivoria, que ten o poder de atraer os sons, pois estes percorren o aire durante séculos dende que se emitén. Nunha destas foliadas meigas foi capaz de recoller as palabras do rei Salomón nas que se crean as notas musicais. Dende ese día, non hai músico que non saiba dos poderes desta bruxa e que non lle dedique unha muiñeira en segredo, un



Xoitamia

alalá, ou calquera peza a ritmo de birimbaos, chifres e frautas de cana, charrascas ou cun vinco.

O moinante trasno de Guimarei vende orballos e saraibas meigallas que só se deixan sentir enriba da leira do veciño ó que se quere mal.

A Cartafulleira adiviña o porvir, o pasado e calquera intimidade, propias e dos veciños. Un chisgarabís, un chuchumeco osmón, preguntoulle polo resultado dun partido de fútbol, Celta-Deportivo da Coruña, para rematar de cubrir unha quiniela. Como a

meiga era celtarra e sabía que perdería o equipo de Balaídos, converteuno en chifro de árbitro de Segunda Rexional por unha tempada. Máis sona tivo o caso dos compoñentes dunha tuna que quedaron sen voces por unha falcatruada que ile fixeron a esta meiga, sen esquecernos dos estudiantes que nunca xamais puideron ler por intentar descubrir as preguntas dun exame.

A Compostela, convertida na meigalla *Compost Estela*, vai algúns ser que ten máis de trasno que de humano, aínda que o resto da súa existencia viva como un cristián vello. Un deles é o Zoclón, afamado bebedor de gorra e tróspiro larpeiro, un olláparo que por mor dos litros de viño que leva no bandullo vai escorándose perigosamente en tódalas direccións ata que ó se derrubar escoitamos un rebumbio que semella o berro que fan dúas cuncas ó bater: "¡Clon, clon!". Cando nos enterros faltan pranxideiras chámalo a familia do defunto, requirimento que agradece moito por aquello de asistir ó convite do morto, o xantar fúnebre co finado de corpo presente no que os parentes de quen pasou á outra vida (¿mellor?) invitan a xantar ós asistentes ó velorio, xa que entero sen choros e romaría sen gaita, non teñen gracia.

O trasno Piás coida dun fato de cabuxas dun só corno que pacen a herba dos xardíns de Fonseca. Vende os sabanos brancos de la destes caprinos que se poñen enriba dun feixe

de fentos ó amencer do ; San Xoán, único xeito de atrapa-los diaños pequenos que moran na adega da casa.

Gasterol é unha especie de menciñeiro e compostor de ósos, un boticario feiticeiro con boa fe que tenta axudar os mortais facilitando remedios para o tirizollo, a erisipela, o tangaraño, o vitílico, pócemas para picaduras de espiñas do Urco e remedios para as vexigas que collen os pés dos pelegríns ó remata-lo Camiño.

Chegada a hora do remate da Romaría-Feira de Compostela, Mirambel, o druída que entoa ó Ultreia dos trasnos, despois de rachar unha figa de acibeche cun martelo con zutra de titanio recollido nun meteorito, e sempre enriba dunha pedra onde cuspira un neno co tangaraño, volve a revirar o poxigo pétreo de cuncha de vieira para pechar as portas do Averno ata outro ano.

Coñecer ós trasnos de Compostela é cuestión de fe: crer no que non vemos, pero sabemos que existe.



Zoclón

SOBRE UNHA IMAXE GÓTICA PONTEVEDRA: O SANTIAGO APÓSTOLO DO MUSEO NACIONAL DE ARTE DE CATALUÑA

Por: Teresa C. Moure Pena

A comezos do século XIV estábbase a levar a cabo o proxecto de reedificación do vello templo de San Bartolomeu da vila de Pontevedra que incluía unha intensa renovación figurativa coa intención de transformar para sempre a vella imaxe de igrexa románica e convertela nun edificio autenticamente gótico; a tal efecto, ademais da labra dos ciclos escultóricos das portadas principal e laterais, a renovación figurativa contemplaba a idea de dotar de novas imaxes o interior do templo.

A meirande parte destas imaxes perdeuse logo da subasta que acompañou ao derrubamento do templo no ano 1842 a causa do ruinoso do seu estado¹. Por fortuna, algunas pezas singulares que se consideraron meritorias aos ollos dos eruditos de entonces foron trasladadas, a instancias da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, ao museo que estaba sendo organizado nas ruinas do templo monástico de San Domingos, e outras foron depositadas nese mesmo museo por particulares que as adquiriran na subasta²; este é precisamente o caso do Santiago Apóstolo conservado hoxe no Museo Nacional de Arte de Cataluña,



Fig. 1. Imaxe do Santiago apóstolo¹ interior das ruinas do templo convento de San Domingo de Pontevedra. [Auto Mon y Novás, ca. 1920, Arquivo Gráfico do Museo Provincial de Pontevedra].

algunhas pezas singulares que se consideraron meritorias aos ollos dos eruditos de entonces foron trasladadas, a instancias da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, ao museo que estaba sendo organizado nas ruinas do templo monástico de San Domingos, e outras foron depositadas nese mesmo museo por particulares que as adquiriran na subasta²; este é precisamente o caso do Santiago Apóstolo conservado hoxe no Museo Nacional de Arte de Cataluña,

unha das imaxes do Apóstolo más excepcionais do panorama escultórico gótico galego.

En 1942, Filgueira Valverde, nun breve estudio sobre varias imaxes que se conservaban por aquel entón no Museo de Pontevedra, conxeturaba sobre as orixes desta peza facéndoa procedente da capela de Santiago do Burgo, xerando con elo un equívoco que habería de perdurar ata os nosos días³. O feito de que esta antiga capela pontevedresa estivese baixo a advocación do Apóstolo Santiago foi o que moveu a este autor a dar por suposto que a imaxe pertecera en orixe a esta igrexa. Pouco tempo máis adiante, no catálogo publicado en 1950 co gallo da exposición *Monumentos y recuerdos pontevedreses de la Peregrinación* xa dubida sobre o correcto da atribución entre a capela do Burgo e o templo de San Bartolomeu⁴.

Por fortuna, a análise polo miúdo das fuentes documentais sobre este desaparecido templo pontevedrés permitiuños devolver á sua adscripción orixinal en San Bartolomeu varias pezas que ata entón se tiñan por procedentes doutros edificios, entre elas a imaxe do Santiago Apóstolo. Así, as referencias inéditas do *Legado Sampedro Folgar* conservadas entre os fondos documentais da *Sociedad Arqueológica* nos aportan datos de notable valor sobre a realidade



Fig. 2. Imaxe do Santiago Apóstolo do antiguo templo parroquial de San Bartolomeu O Vello de Pontevedra. [Museo Nacional de Arte Cataluña].

¹Sobre este templo véxase: Villa-Amil Castro, 1888; Sampedro Folgar, 1927; Sánchez Cantón, 1946: 7-10; González García-Paz, 1969: 128-132; Moure Pena, 2001: 193-222, 2003.

²No día 26 de decembro de 1841 se ordenaba a inmediata tasación da totalidade da fábrica de San Bartolomeu por parte de varios mestres da cidade de Pontevedra. Ese mesmo ano era presentada no Concello unha moción para derrubar o templo que era aceptada un ano máis tarde, sacándose á poxa todos os seus retábulos e imaxes. Arquivo Municipal de Pontevedra, Libro de Actos Sesións do 22 de outubro de 1840, 14 de xaneiro de 1842 e 14 de febreiro de 1842.

³Cfr. Filgueira Valverde, 1942: 219-222, esp. 221.

⁴Cfr. "Monumentos y recuerdos pontevedreses de la Peregrinación", 12^a. Exposición, 1950: 3.

histórico-artística deste monumento; de feito e en relación concreta co Santiago Apóstolo, o grande erudito pontevedrés, na reconstrucción hipotética que fai da planta do desaparecido templo, cando describe dun xeito pormenorizado as capelas e as imaxes que se adoraban en cada unha delas, consigna o seguinte en relación coa Capela de San Nicolás -aberta no terceiro tramo da nave norte entre as de San Xoan e San Cristovo-:

"...continuaba la Capilla de S. Nicolás Patron de los herreros, espaderos y cuchilleros con un antiguo e importante Santiago representado por una imagen de piedra atribuida a la escuela del Maestro Mateo por el Sr. Gómez Moreno y depositada en el Museo Arqueológico por D. Francisco Riestra Calderón..."⁵.

Con toda probabilidade, trataríase da mesma imaxe de pedra que, segundo consta nunha factura localizada entre a documentación da Sociedad Arqueológica, foi trasladada o 19 de decembro de 1927 dende o domicilio dos señores de Riestra ao interior das ruinas de San Domingos⁶. Polo menos, así parece deducirse da información que proporciona a documentación gráfica conservada sobre os fondos que se exhibían a comezos do XIX no museo instalado pola Sociedad no interior das ruinas do templo dominicano, entre os que acertamos a ver a imaxe do Apóstolo catalogada conforme a descripción de Sampedro e indicando que fora depositada a instancias de don Francisco Riestra, que con probabilidade a adquirira en 1842 na subasta de San Bartolomeu [fig.1]. Conservouse dende entón no Museo, ata que en 1936 foi adquirida polo Museo Nacional de Arte de Cataluña, onde





Fig. 3. Representación dun anciano apocalíptico tocando unha vihuela arco. Pertenecente á primitiva porta principal do templo de San Bartolomeu Vello de Pontevedra.

se exhibe na actualidade?

A imaxe apresenta ao Apóstolo Santiago sentado nunha cadeira cuberta polo manto; coa man destra sostén unha cartela, e descansa a esquerda nun báculo en tau; vai ataviado cunha larga túnica que cubre cun manto sobre os ombreiros suxeito cun cordoi que cruza o peito e que evoca as capas de corda características do século XIII [fig.2]. No tocante ao estilo, Filgueira Valverde apuntaba no seu día a débeda estilística co taller do mestre Mateo, supoñendo, xa que logo, unha cronoloxía temperán para a peza que podería datarse cara, aos comezos do século XIII⁸. Certamente, como máis tarde sinalara Valle Pérez, o pretendido parentesco estilístico coa obra de Mateo dado por suposto pola bibliografía anterior, e que abogaba por unha cronoloxía tan temperán para a peza, non pode sostenerse por máis que tipolóxica iconográficamente sexa debedora de modelos acuñados por aquel taller coma o Santiago sedente do *trumeau* do Pórtice da Gloria. A xuízo deste autor, a imaxe amosa unha estreita dependencia estilística con presupostos do denominado "estilo ourensán" na súa fase de disolución, polo tanto, conviría datala en torno ao segundo tercio do século XIV.

Na miña opinión tampouco cabería adscribir esta peza exclusivamente á tradición ourensán. A serie de dovelas recuperadas entre outras testemuñas arqueolóxicas pertencentes á primitiva portada principal de San Bartolomeu, testemuña a presencia en Galicia doutras tradicións escultóricas, xurdidas a partir do coñecemento de ciclos escultóricos castelán-leoneses de época clásica cos que cabería vencellar esta peza. En efecto, se ben o tratamento da cabeza do Santiago nos levaría a relacionala coas creacións do estilo ourensán na súa fase

Fig. 4. Imaxe de Cristo Salvador do templo San Bieito de Lérez.



⁵ Arquivo Documental do Museo de Pontevedra, Colección Sampedro Folgar, Manuscrito, Caixas 74-7 e 77-4.

⁶ Arquivo Documental do Museo de Pontevedra, Documentación da Sociedad Arqueológica, Caixa 2, Carp. 1927.

⁷ A imaxe do Santiago Apóstolo que se conserva no Museo de Pontevedra é un vaciado en xeso do orixinal.

⁸Cfr. Filgueira Valverde, 1942: 222.


⁹Cfr. Valle Pérez, 1985: 357, n.º 353; 1991: 205, n.º 95; Vila Martínez, 1999: 56.

de disolución, o estilo das ropaxes e o seu tratamento, así coma o deseño dos pliegues coa considerable proxección volumétrica que adquieren na caída da túnica sobre as pernas, labrados en grandes planos, lembran, por exemplo, os da túnica dun dos músicos esculpido nunha das dovelas mencionadas¹⁰ [fig.3] que, pola súa vez, denuncia a súa dependencia de modelos cercanos: a imaxe do Salvador que debeu de presidir o altar principal da igrexa monasterial de San Salvador de Lérez¹¹ [fig.4] e o Cristo Salvador que preside o tímpano do arcosolio do sepulcro do bispo Vasco Pérez Mariño (ca. 1340) da Catedral de Ourense¹² [fig.5]. Nambas as dúas imaxes, o tratamento das vestimentas cun modelado suavísimo, a penas sen transicións nos volumes, inaugura en Galiza un estilo independente da tradición ourensán, con cuia fase de disolución convive cara ao 1335-1340. Non é de extranar, pois, que na imaxe do Apóstolo Santiago conservada hoxe no Museo de Arte de Cataluña convivan ambas tendencias nun estilo que cabería entender, pois, coma resultado dunha confluencia do denominado "estilo ourensán" e novas correntes estéticas derivados de obras casteláns de grande calidade, tales coma algúns sepulcros burgaleses ou a portada meridional de Santa María de Sasamón, correspondentes aos últimos anos do reinado de Alfonso XI¹³.

Todo parece indicar que a imaxe foi pensada para presidir o altar da capela de San Nicolás, e alí debeu de permanecer hasta que a mediados do século XVI prantexouse a idea de amoblar a devandita capela. En efecto, no ano 1553 contratábase a construción dun retábulo no nome da Confraría de San Nicolás. Segundo consta no contrato estipulado entre don Gonzalo Álvarez, vicario da Confraría, e o confrade don Álvaro Fernández no nome dos outros confrades ausentes, con data do día 4 de maio de 1553 e escruturado ante o notario Vasco Fernández, o maestro Miguel, *entallador vezino de la ciudad de Santiago, comprometiérase a azer en el altar e capilla del Señor San Nicolas un retablo*¹⁴. O documento apresenta un grande interese no que atinxe ao capítulo da escultura, e moi en especial á imaxe do

Santiago Apóstolo. Entre as condicións da obra, especificase que o maestro Miguel debía "...desbastar e alinpiar la ymagen e hueco de Santiago questa en el altar de San Nicolás e lo dejara en su perfección como convenga e se requiera..."; unha vez limpa e adecentada, a imaxe medieval pasaría a ocupar un lugar no retábulo recén construído, indicándose ao respecto que se "...asentara e pondra y juntamente con el la ymagen de San Nicolas en el dicho retablo...", onde debeu de permanecer ata a demolición total do inmoble.

Fig. 5. Imaxe de Cristo Salvador do arcosolio do sepulcro do bispo don Vasco Pérez Mariño na Catedral de Ourense.



Fontes e Bibliografía.

- *Arquivo Documental do Museo de Pontevedra:
- Colección Sampedro Folgar, Manuscritos, Caixas 74-7 y 77-4.
- Documentación da Sociedad Arqueológica, Caixa 2, Carpeta 1927.
- *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra:
- Sección Protocolos Notariais, Protocolos Notariais de Vasco Fernández
- *Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela:
- Serie Provisións Eclesiásticas, 1-10, n.º 16/234. Anos 1657-1750
- Outros:
- *[SAMPEDRO FOLGAR, Cl.: Colección de Documentos para la Historia de Pontevedra, Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Pontevedra, Imp. De José Fernández, 1896.
- *[IDEM]: Documentos, inscripciones y monumentos para la Historia de Pontevedra, Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Pontevedra, Tip. J. Poza Cobas, 1902.
- *[IDEM]: Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, etc., para la Historia de Pontevedra, Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Pontevedra, Tip. J. Poza Cobas, 1904.

¹⁰ Para o estudio da primitiva portada de San Bartolomeu O Vello: cfr. Moure Pena, 2001: 210 - 220.

¹¹ Cfr. Filgueira Valverde, 1942: 222 - 223, lám. XVIII.

¹² Sobre este sepulcro, cfr. Chamoso Lamas, 1979: 23 - 27; 1980: 35, lám. 27; Moralejo Álvarez, 1975: 27 - 28; Manso Porto, 1993: 396 - 397; Cendón Fernández, 1997: 150 - 170, esp. 164 - 165.

¹³ Cfr. Sánchez Ameijeiras, 2001: 161 - 198.

¹⁴ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección Protocolos Notariais, Protocolo de Vasco Fernández, Protocolo n.º 1580, Microfilm, PO-I-A-324/Item 2.

*[IDEM].: Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, etc., para la Historia de Pontevedra, Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Pontevedra, Tip. J. Poza Cobas, 1904.

Bibliografía:

ALVAREZ DE LABRAÑA, R.:

-(2, Octubre de 1896): "Una visita al Museo Arqueológico de Pontevedra", *La Opinión*.

ARMAS CASTRO, J.:

-(1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración de una villa marinera en la Galicia Medieval*. Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1992.

CARRO GARCÍA, J.:

-(1931): "A imaxen pétrea do Apóstol Sant-Iago". *Nós, Boletín Mensual da Cultura Galega*, XIII, 94, pp. 174-178.

CENDÓN FERNÁNDEZ, M.:

-(1997): "Sepulcros Medievales". *Patrimonio Histórico Galego. A catedral de Ourense*, Ed. Xuntanza, A Coruña, pp. 150-170.

CHAMOSO LAMAS, M.:

-(1979): *Escultura funeraria en Galicia*. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Diputación Provincial de Ourense, Ourense.

DE LA PEÑA SANTOS, A.:

-(1982): "Excavaciones arqueológicas de urgencia en la provincia de Pontevedra durante el año 1981". *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, pp. 81-82.

DE LA PEÑA SANTOS, A.; JUEGA PLTIG, J. e LÓPEZ DE GUEREÑU POLÁN, L.:

-(1996): *Historia de Pontevedra*, Ed. Vía Laáea, A Coruña.

DE LA PEÑA SANTOS, A.; JUEGA PUIG, J. e SOTELO RESURRECCIÓN, E.:

-(1995): *Pontevedra, villa arnurallada*. Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra.

FERNÁNDEZ VILLAMIL, E.:

-(1944): "Documentos justificativos de la Preceptoría y estudios de Pontevedra". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I, pp. 247-251.

FILGLJEIRA VALVERDE, J.:

-(1942): "Dos obras de la escuela del maestro Mateo". *El Museo de Pontevedra*, I, pp. 219-222.

FORTES BOUZAN, X.:

-(1993): *Historia de la ciudad de Pontevedra*. Ed. Galicia Editorial, S.A.. A Coruña.

GARCÍA BRAÑA. C; JUEGA PUIG, J e DE LA PEÑA SANTOS, A.:

-(1988): *Pontevedra. Planteamiento Histórico y Urbanístico*. Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra.

GONZÁLEZ GARCÍA PAZ, S.:

-(1965): *Pontevedra a fines del siglo XVI. Tres dibujos desconocidos*, Museo de Pontevedra, Pontevedra.

-(1969): "Misceláneas: San Bartolomé el Viejo". *El Museo de Pontevedra*, XIX, pp. 12R-132.

-(1969): "San Bartolomé el Viejo". *El Museo de Pontevedra*, XIX, pp. 128-132.

HOYO, JERÓNIMO DEL.:

-(ca. 1950): *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Ed. De A.

Rodríguez González e B. Varela Jácome. Santiago de Compostela.

MANSO PORTO, C.:

-(1993): "Relieves y retablos. Imaginería". *Arte. Arte Medieval II, T. XI*, A Coruña, Ed. Hércules, pp. 415-455.

MORALEJO ALVAREZ, S.:

-(1975): *Escultura gótica en Galicia (1200-1350)*. Resumen de Tesis Doctoral, Universidade de Santiago de Compostela.

MOURE PENA, T.C.:

-(2001): "Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia. San Bartolomé "O Vello" de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, LV, pp. 193-222.

-(2003): *El antiguo templo parroquial de San Bartolomeu "O Vello" de Pontevedra*. Pontevedra, Diputación Provincial (no prelo).

ORDAX, A.S.:

-(1989): *La España Gótica: Castilla y León/I. Burgos, Palencia, Valladolid, Soria, Segovia y Ávila*, Ed. Encuentro, Madrid.

PÉREZ COSTANTI, P.:

- (1944): "Pontevedra en las Memorias del cardenal Hoyo". *El Museo de Pontevedra*, III, pp. 101-107.

SAMPEDRO FOLGAR, C.:

- (24, Agosto de 1927): "Notas sobre la iglesia de San Bartolomé el Viejo de Pontevedra". *El Buen Amigo. Hoja Parroquial*, n.º 39, año 11, Pontevedra.

SÁNCHEZ AMEJIEIRAS, R.:

-(2001): "La portada del Sarmental de la catedral de Burgos. Fuentes y fortuna". *Materia I, L'estil*, pp. 161-198.

SÁNCHEZ CANTÓN, F.J.:

-(1946): "El derribo de iglesias en Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, IV, pp. 7-10.

VALLE PÉREZ, J.C.:

-(1991): "Santiago Sedente". *Galicia no Tempo*. Consellería de Cultura a Xuventude. Santiago de Compostela, p. 205, ficha n.º 95.

-(1991): "Una escultura de Santiago procedente de Pontevedra en "Galicia no tempo". *Nodales, Corpus 91*, pp. 12-13.

-(1985): "Saint jacques assis". *Santiago de Compostela. 1000 ans de pelerinage européen*, Gante, pp. 357-358, ficha n.º 353.

VÁZQUEZ DE PARGA, L.:

-(1949): *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, III, Madrid, lám. XIX.

VILA MARTÍNEZ, M.:

-(1999): "Santiago sedente". *Santiago o Mayor e a Lenda Dozarada*, [Xacobeo' 99], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 56-57.

VILLA-AMIL CASTRO, J.:

-(1904): *Iglesias gallegas de la Edad Media*. Madrid.

- (1888): "Pontevedra Monumental. San Bartolomé". *Galicia Diplomática*, IV.

V.V.A_A.:

-(1999): *Huellas Iacobinas [Xacobeo' 99]*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

YZQUIERDO PERRÍN, R.:

-(1993): "La diáspora de los Maestros del taller de Mateo". *Galicia Arte. Arte Medieval II, XI*, A Coruña, Ed. Hércules, pp. 137-251.

A ORIXE DA EXPANSIÓN DOS GALEGOS NO MUNDO

Por: Manuel Posada
Inxeneiro Mercantil

A expansión dos galegos tivo a súa orixe na loita polo poder na hispania da época dos Trastamara.

Enrique IV de Trastamara, alcumado de "impotente" polos nobres da época, nomeara herdeira dos seus reinos a súa filla Juana. A súa hermanastras Isabel, aproveitándose da falla de prestixio desta, emprende a toma de posicións para quedarse cos reinos.

E aquí comeza a historia. Os galegos apuntámonos



"a cabalo perdedor" quizais polo noso respecto á vontade de Enrique ou porque críamos que Juana era a que tiña o verdadeiro dereito ó trono.

Almudena de Arteaga cita no seu recente libro: "La Beltraneja", que os amorios extramatrimoniais da súa nai Juana de Portugal non están demostrados, pero é curioso como os comentarios, as faladurías e os chismes do momento chegan a perdurar ata cinco séculos. Os nobres, que eran os que reinaban na práctica, pagaban entón ós xogares para que fosen de praza en praza cantando copras que falaban mal de Enrique IV, da súa suposta homosexualidade, da ilexitimidade de Juana. E montaron a bóla e iso chegou ós nosos días, quizais porque os asuntos de cama sempre interesaron.

Juana de Castilla describe a inmediata reacción da súa tía Isabel (tiastra- media tía) ó coñecer a morte do seu irmán Enrique IV: *"Se despojó de sus enlutadas ropa para proclamarse Reina en Segovia. Muchos fueron los antiguos servidores de mi padre que la animaron a ello(..) Castilla quedaba ensangrentada y mi trono arrebatado, su corona real encajada en las sienes de mi tía Isabel. A partir de entonces, en los corredores del Alcázar de*



Segovia, pasé a ser apodada «la moehaeha». Para el vulgo pasé a ser «la Beltraneja». Juana de Castilla enarbola su legitimidad: Nunca me ha hecho falta que se me asegurara que era auténtica hija de mi padre, el rey don Enrique IV de Castilla, para sentir que lo era. Ningún testimonio podría cambiar lo que dieta el corazón de una hija respecto de su verdadero padre."

Uns, os fieis a Juana ata a morte, os que non querían servir a outra Reina que a que defenderan xunto cos seus compañeiros de loita, foron enviados ás prisións de Estremadura, nada cómodas por certo pola ausencia da tecnoloxía do aire acondicionado e a aridez das súas terras.

Cando os Reis Católicos deciden financiar a aventura do trazado da nova ruta cara a "Las Indias", Colón, pola súa orixe galega, pois era en realidade Pedro Madruga, acórdase deles para que participen na súa expedición. Os carcereiros estremeños participarán tamén na viaxe como Xefes dos prisioneiros. En fin, ó final tan incómoda debía se-la estancia nestas prisións que todos "apuntáronse ó b o m b a r d e o ", ¡Calquera sitio mellor que este!, deberon de pensar.

E os outros, que non puideron regresar a Galicia, formaron pequenas poboacións na Estremadura da época, en onde áinda hoxe fálase o galego no seu xeito ancestral (San Martín de Trevejo). Os outros perdedores, quizais pola adaptación ós seus vencedores ou porque "no fondo daba o mesmo", foron enviados á conquista do Reino de Granada xa de actualidade por

aquelhas datas. As promesas de recompensas de dominios e terras pola conquista así como a formación guerreira adquirida nas loitas previas, entre as que cabe destacar as revoltas irmandiñas, fixeron que a conquista de Granada fose un desfile militar.

É curioso contemplar os restos da conquista polos galegos cambiando os nomes árabes por galegos na Alpujarras (¿Alpuxarras?). As terminacións en -eira son innumerables e o clima... ata o clima parece que se levaron

os galegos para alá.

Quizais foi a primeira sangría de Galicia pois, os más valentes, os más fortes e os seus dirixentes participaron nesta aventura sen retorno. O galego que se quedou en Galicia puxéronlle a lacra de traidor (ó vencedor por suposto) e o seu status social como tal veuse abaixo. Os vencedores eran de orixe centralista e desprezaron o orixinario en favor do imperial.

A historia escrita normalmente polo vencedores que normalmente son os propietarios da tinta e o papel, esqueceron destes galegos. Este humilde "cronista" reivindícaos co ánimo de que o seu esforzo que de na nosa memoria como loitadores polas súas ideas e crenzas.

Non remato aquí a subxugación de Galicia, había que crear a interdependencia entre os distintos territorios da península (excepto Portugal que era da familia de Juana) e ó Cardenal Cisneros e outros especialistas en facenda pública ocorréuselles gravar as oliveiras de xeito extraordinario. En Galicia arrincáronos e comenzaron a cocinar con graxas animais. O

abastecemento do aceite e os impostos do imperio fixeron que os galegos tiveran que emigrar a traballar a Castela para conseguir cartos e poder pagar.

Aínda hoxe estamos pagando as consecuencias da nosa fidelidade a Juana I de Castilla e ás nosas loitas internas entre os partidarios do Arcebispo Fonseca e os de Pedro Álvarez de Soutomaior, alias, "Pedro Madruga".

